

teima

REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

A nova siquiatria
galega



Galicia, diante das eleccións

**Sela, outro embalse
conflictivo**

**«Eurovosa» no Ferrol:
¿dar piso por lebre?**

en Galicia...



RADIO POPULAR

VIGO, OURENSE, FERROL, LUGO

por unha radio cada día **máis nosa**

EDITADA POLA
Sociedade Galega de Publicacións, S.A.

DIRECTOR
Anxel Vence Lois

REDACCION E COLABORACION

Luis Alvarez Pousa, Víctor Fernández Freixanes, X. M.º Palmeiro, Antón López Mariño, Xavier Navaza Blanco, Manuel Rivas Barrós, Perfecto Conde Muruais, Guillermo Campos, Xosé Platero Paz, Alfonso Sánchez Izquierdo, Xulio Xiz, Xosé R. Vilamor.

ASESORES

Carlos Casares, Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultura).
Enrique Aller, Fernando M. Randulfe (Dereito Laboral).
Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Beiras, Xoan Rous, Xesús Vega (Economía).
Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensino).
Aldexandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cabanas (Ecología).
Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Magariños, X. Chao Rego (Igrexa).
Xosé Marplá, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste (Medicina).
Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca).
Mario Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilarinho, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Sociología).
César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo).
Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo).

AXENCIAS

Europa Press (Madrid), Zardoya (Barcelona), Keystone (París), Prensa Latina (Habana)

CORRESPONSAIS

Arturo Ruibal, Rafael L. Torre (Madrid).
Carlos Porto (Lisboa).
Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Cataluña).
Gregorio Gálvez (Euzkadi).
A. Ramos Espejo (Andalucía).
Equipo Andalan (Aragón).
Vicent Ventura (País Valenciá).
Equipo Cort (Baleares).
Ramón Luis Chao (París).
F. Pérez-Barreiro (Londres).
Domingo Fernández (Buenos Aires).
Emilia Vázquez (Santiago de Chile).
Baldomero Cores (Puerto Rico).
Fernando Pereira (Montevideo).

DEPARTAMENTO GRAFICO

Manuel Yáñez (fotografía).
Siro López, Xaquín Marín, Xosé Loquis (dibujo).
Mario L. Rico (cartografía).

DIAGRAMACION E CONFECCION

X. M. Gómez Vilasó

SUPERVISION LINGUISTICA

Rosario Alvarez Blanco, Francisco Fernández Rey (I.L.G.)

XERENCIA:

Alfonso Rivas Fraga

IMPRIME:

La Voz de Galicia, S.A./Prelo Comercial
Concepción Arenal, 9-13
A Coruña (Galicia)
Depósito Legal: C-649-1976

DISTRIBUE:

Sendeiro
Fontiña dos Concheiros, 86-88
Teléfono 597500
Santiago de Compostela
Redacción e Administración: Rúa do Hórreo, 94,
entrecán-D.
Teléfono 596741
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Teima non se fai solidaria das opinións expresadas polos seus colaboradores.

Autorízase a reprodución total ou parcial de textos e grabados, sempre que se cite a procedencia.

O clima pre-electoral

Mortes, misteriosos secuestros, prohibicións, multas, continuismo; é dicir, violencia e represión. Elas son as características sañtes do actual proceso político no Estado español. Dun proceso que, polo visto, debe levar á realización dunhas eleccións democráticas.

Namentras o goberno e parte da oposición negocian esa saída, sucédense na rúa os feitos que demostran que aínda están lonxe as condicións necesarias nunha democracia.

O goberno continúa a exercer o seu poder represor, e pasma que a eficacia policial bata sempre naqueles que piden a liberdade e a anistía, entando as forzas de choque feixistas pasan da agresión esporádica ó asesinato colectivo.

Tamén sorprende que un grupúsculo prosiga cos secuestros de altos persoeiros do mundo oficial, en rápidas e precisas operacións, cuos dividendos políticos son cobrados polos sectores ultras do réxime.

O goberno ten que desartellar as pandillas feixistas, suprimir a violencia policial e creaxer a historia dos secuestros. En todo isto cómprelle a iniciativa, por ser o único que ten os medios pra facelo.

Namentras, en Galicia compróbase que o poder represor do aparello estatal sigue co seu labor de silenciá-la oposición, no intre en que agroman as manobras continuistas.

No noso país, polo dagora, a convivencia política é un privilexio, e os únicos que poden falar sen cancelas son aqueles que recoñecen a

súa orixe histórica en feitos que, pra o pobo galego, significan morte, exilio, represión e fame.

Os representantes do poder central veñen proibindo sistemáticamente conferencias, colóquios, manifestacións e xuntanzas de asociacións labregas, culturais, partidos políticos ou grupos de partidos. Tampouco se ven libres os cantantes, e sobre algunhas persoas acumúlense as multas.

O ritmo e sucesión de vetos e penas pecuniarias revela que eiquí a democracia é unha especie de Santa Compañía da que todos falan e que ninguén víu, agás algún adulto de boa memoria.

En Galicia é preciso saber se vai continuar esta inédita modalidade de «autonomía rexional» —que moi poucos reivindicán—, se éste será o clima no que se van celebrar as eleccións, se a televisión vai ser manipulada ó servizo de certas candidaturas, cuos titulares xá se coñecen, e se a oposición non lle poderá dicir ó corpo cidadán que ela existe.

Este é o particular xogo político en Galicia: prohibicións pra uns e privilexios pra outros. Todo parece sinalar que éste será tamén o contexto no que o pobo será chamado a votar.

Mais si ese pobo, alén de carecer de dereitos como nación que é, non ten as plenas liberdades que lle corresponden, en canto conxunto de cidadáns, nin xiquer estaremos en presenza de media democracia. Ela seguira reducida en Galicia a unha farsa electoral na que sempre hai que lle dicir «sí» ós que detentan o poder.

Editorial

O NOSO PAÍS

- 4 Sete Días.
- 8 Os Eidos. Análise político e informacións de sociedade, ensino e Igrexa.
- 10 Informe. Galicia, diante das eleccións.
- 14 O centro sico-social de Ferrol: unha experiencia en siquiatría de masas.
- 16 Sela, outro embalse de conflitos.
- 20 «Eurovosa» no Ferrol: ¿dar piso por lebre?

pobos ibéricos

- 21 Euzkadi: a xente, na rúa.



RESTO DO MUNDO

- 23 Córce-ga: un pobo loita por sobrevivir.
 - 26 Política: O Congreso. Segunda entrega de «Galicia e a lei electoral».
- E as habituais seccións de «Fiadeiro», «Vieiros», Cultura e Cartas á Dirección.

P.S.D.G.: A clase media quere descentralizar

«A Federación Social - Demócrata vería con moi bos ollos a integración neste organismo do Partido Galego Social - Demócrata. Nós somos partidarios dunha radical descentralización e coidamos que o ideario do PGSD cadra moi ben nos proxectos de FSD». Estas son verbas, nunha conferencia de Prensa, de José Ramón Lasuén, economista, líder, do PSDE, que veu a Galicia botarlle unha ollada ás cousas do Partido Social Demócrata Galego, fillo ben noviño que nacéu do seo do PSDE. Nesta conversa cos periodistas, estivo ben pertiño do economista, ún dos homes - chave do PSDG, Ernesto Pérez Barxa, representante de ANUE en Santiago.

Lasuén dixo que o PSDG conta con total liberdade pra buscar alianzas e propor candidaturas conxuntas, e que tentaría de catalizar nun bloque tódalas forzas de centro - esquerda que están a moverse en Galicia. Sobor das alianzas, concretóu que os contactos eran co PSP, FPS, socialdemócratas independentes e católicos non confesionais.

Os homes do PSDE - PSDG meteron os cornos a fondo contra de Alianza Popular («oligarquías capitalistas, centralistas, indolentes e incompetentes, que corrompen os gobernos que promoven pra, así, poder obte-los beneficios que noutros países acada a gran empresa co traballo e máila imaxinación). Tamén faláron a gusto do Centro Democrático, alternativa que rexetaban tanto na versión Ruiz Giménez (co apoio dos socialdemócratas, domina-la dereita do centro), coma na versión de Areilza (coa axuda dos liberáís, reduci-los máis radicáís dos centristas).

Pra rematar, Lasuén falou dos obxetivos do PSDE - PSDG: «desperta-la clase media, pra que, por ser maioritaria, tome o poder e evitar así o enfrentamento ó que iría o país de trunfa-los plans que a oligarquía capitalista prepara pró país».

Ourense: A.P.O. busca amo

Por X. Platero

Os homes do «centro avanzado», de Ourense, os homes que controlan toda a vida social i económica da provincia, irán o día 29 a unha moi importante feira: crese que a Asociación Provincial Ourense

ofreceránse como grupo político compacto pra ver si son os homes do Partido Popular quenes lles ofrecen millor ou máis comisión na cousa política ourensán. José María de Areilza, Pío Cabanillas e Ricardo de la Cierva asistirán a presentación oficial da A.P.O. (o noso corresponsal, prérganos que non poñamos «SAPO», aínda que este é o nome polo que son coñecidos na cidade) e eles serán os políticos que recibirán a oferta dos ricos ourensáns.

Antes da presentación oficial, os trescentos homes da APO terán

unha mesa redonda na que se plantexarán os problemas da provincia e, sobor de todo, estudarán as posibilidades de pactar ou de integrarse no Partido Popular. Dende fora, crese que inclinaránse máis polo primeiro que polo segundo, xa que os persoeiros que integran este grupo son coñecidas pola súa facilidade de adaptación as opcións políticas que coiden poidan saír triunfantes. Así, algúns homes que militan na APO, como o señor Franqueira (UTECO), o señor Reza (finanzas), os irmáns Reverter (un deles campión de España de automovilismo,



constructor o outro) eran coñecidos polos seus vencellamentos a Reforma Democrática, e antes aínda de R.D. eran sabidas as súas veleidades polo señor Silva e tamén polo ex ministro Martínez Esteruelas.

Técnicos naváís: Antes do lume, fume

Tenso e quente está nestes días o ambiente na Escola Técnica Naval do Ferrol: os alumnos veñen denunciando que as decisións na Escola fanse sen contar cos seus intereses e, por suposto, sen o seu parecer. Tamén arrementen os estudantes contra da falla de dedicación do profesorado que non cumpre cas xeiras marcadas polo Ministerio de Educación e Cencia. E din que este feito e preocupante dabando cando o horario das clases fíxose dacordo con intereses dos profesores: de catro a dez da noite.

Polo que parece, a tensión ven de vello, xa que nasceu con gallo da elección do director do centro que aínda nono hai, logo de tres candidaturas presentadas. Resultóu que o home que máis votos recadóu non é o home que os alumnos apoian.

Pra tratar de endereitar un pouco o asunto, unha comisión dos alumnos foi hasta Santiago de Compostela. Tres eran os temas que os alumnos plantexaron e sorte tiveron se foi un empate o que conquisaron da súa conversa co vicerrector. Aceptouselles o seu proxecto de reforma-los estatutos da Escola, pro que logo o rectorado da universidade decidiría se eran viables ou non. Sobor da petición de axudas pró transporte e pras actividades culturais, dioxoselles que nada podía facerse, porque cartos non había. Polo que respecta a posibilidade de ter cartéis e muráís extra - académicos no recinto da escola, afirmouselles que, polas autoridades académicas non habería problema algún, sempre que contarán co visto bó gubernativo.

Santiago:

II Plenario da AN-PG

«Accións populares na nova fase con campañas pola amnistía total, contra da instalación da central nuclear de Xove e pola industrialización de Galicia, contra do Plan Director de Coordinación Territorial de Galicia, e por un ensino galego e popular e oficialización do galego, e por unha sanidade ó servicio do pobo». Esta foi unha das decisións tomadas no II Plenario Nacional da Asamblea Nacional Popular Galega, celebrado en Santiago na clandestinidade, e no que participaron un conxunto de quinientos delegados.

Antes desta xuntanza a nivel nacional galego, celebráronse sete plenarios de zona. Según comunicaron a TEIMA fontes da propia **Asamblea**, houbo varias ponencias: historia da AN-PG, situación política, carácter político da AN - PG, acción política e popular... Os puntos do programa da Asamblea prá fase política vindeira son: os principios políticos do nacionalismo popular do programa fundacional da AN-PG, as bases constitucionais pra un pacto federal, o programa de desenvolvemento económico pró goberno galego; o programa de medidas sociais e de política cultural pró goberno galego (provisionalmente).

AS ELECCIONS

Tema importante no Plenario foron as eleccións convocadas polo Goberno Suárez. Respecto deste punto, no comunicado no que se dá conta dos acordos, decía: «A AN - PG considera antidemocráticas as eleccións previstas no ámbito do Estado, por non seren recoñecidos os dereitos nacionais galegos, as súas institucións políticas representativas e executivas, e mentres non sexa

lograda a amnistía total, en especial prós patriotas galegos, e máilas libertades de reunión, expresión, de partidos políticos e sindicais, etc. De non ser asumida a postura de non participación nestas eleccións por parte da oposición, e en especial polas forzas políticas nacional-populares galegas, vascas e dos Países Cataláns, e analizadas as circunstancias políticas actuáis, o Plenario consideróu a participación do AN - PG nas eleccións como medio de incrementa-la conciencia e máila organización políticas dos traballadores no camiño da autodeterminación. Neste caso a AN-PG presentaríase nun bloque político en unión dos partidos galegos que apoiem o seu programa e que reconozan e apoiem á AN-PG como alianza política das organizacións de masas nacional - populares. A Asamblea Nacional - Popular Galega percurará a organización e máilo apoio do pobo traballador galego, dándolle ás aspiracións sentidas como súas polas clases populares galegas».

O comunicado remataba cun chamamento «a todo o pobo traballador galego pra que apoie o seu programa e máila súa acción política e popular pra conseguirmos-la democracia en Galicia e a resolución dos graves problemas políticos, económicos, sociais e culturais provocados pola colonización da nosa nación; e facermos posíbel a creación de institucións políticas que sirvan pra gobernarmos a nós mesmos en liberdade e en solidariedade cos traballadores do resto das nacións do Estado».

SETE DIAS

Lousame:

Historias dun cacique

Mes de xaneiro. Mans anónimas tiran pola noite os marcos, as columnas, ou os aramios con espiño que o cacique mandou colocar arredor, sen autorización municipal. Cartas e máis cartas, escritos... Unha soia reivindicación dos veciños: o monte é noso.

.....

O Xurado Provincial de Montes Veciñais declara propiedade comunal do monte «Confurco de Fruime» (Lousame - Noia). Son unhas 140 hectáreas que axudan prá supervivencia. Os veciños utilizaron o monte dende tempo inmemorial e sempre en comunidade. Nos anos 40 pasa, por lei de forza, ó Axuntamento e é repoboado polo Patrimonio Forestal (agora ICONA): pro os veciños poden ir ó estrume, cousa que agora non se lles permite.

.....

Con posterioridade á sentenza do Xurado Provincial, o cacique comenza a pór valados e a obrar na zona. O Axuntamento non di nada, ou polo menos non se opón a tais accións, a pesares das reiteradas peticións dos veciños. O primeiro acto de «posesión» por parte do señor feudal fíxose cunha máquina escavadora. Escrito dos veciños ó entón gobernador civil, Fernando Gil, «quixéramos antes de guerra, paz; antes de posibeis mortos, vidas».

.....

O cacique vive en Noia dende hai 20 anos, e polo tanto xa non pode considerarse veciño. O alcalde de Lousame, Raimundo Videla, tamén vive en Noia, e soio vai a Lousame pra exercer as súas funcións de director do colexio. O cacique perdera anos atrás varios pleitos sobor do monte Confurco. Consigue sentencias xudiciais favorabeis nuns pleitos nos que os veciños non estiveron representados nin defendidos por ninguén. Un feito: o 3 de abril de 1975 aparece unha notificación no B.O.P. declarando ó Axuntamento en rebeldía por incomparecencia nos pleitos.

.....

Un amigo do cacique, Manuel Vázquez, opónse á proposta do alcalde pra nomear un letrado que defenda ós veciños por considerar un gasto inútil tal designación». A proposta do alcalde perde a votación na corporación municipal por cinco votos contra dous. Pedíuse apoio ó presidente da Hermandade de Lousame e Noia, Alberto Piñeiro, que non respondeu. Este señor é secretario accidental do Axuntamento de Lousame, pro tamén reside en Noia.

.....

O cacique, Ramón Laiño Suárez, sigue disposto á «toma de posesión». Hai uns días, a Asociación Agraria Galega facía unha chamada á opinión pública. Nunha das innumerabeis cartas ó alcalde, os veciños decían: «Non pode pasa-lo de antaño, e voltala eira caciquil cando un señor levaba todo e os máis eran os seus escravos e servidores, os mariñados sen voz nin voto nin espresión».

.....

Lugo

Mariñeiros de auga doce

«¿Pode caber nunha cabeza sensata que o Instituto Social da Mariña, prá provincia de Lugo, estea na propia capital, alonxada da costa cen kilómetros?», pregúntase

o noso corresponsal lugués Xulio Xiz nunha nota que nos remite encol do problema. Así sucede, nem-bargantes, e a cousa ten tódalas trazas de durar, á vista dos múltiples intereses que se agachan tras do feito en sí.

Matinóuse últimamente na posibilidade de que o I.S.M. fora trasladado —como sucede noutras zonas marítimas— a algún punto do litoral, seguindo os máis elementáis vieiros da lóxica. Quen máis parece

oporse, polo de agora, son os propios funcionarios do Instituto, que teñen as súas familias na capital e algúns anos de residencia nela, amén dunha práctica inamovibilidade no seu cargo. Cecáis sexa este o máximo argumento en prol de que a situación continúe coma deica agora.

Resulta difícil non atender, nem-bargantes, ós dereitos dos mariñeiros que agora mesmo teñen que desplazarse a Lugo dende o seu lugar de residencia, perdendo, co viaxe, toda unha xornada de traballo ou de lecer. Contrapostos, pois, os intereses dos escasos funcionarios cos dos moitismos mariñeiros —que, por outra banda, teñen o

seu interés recoñecido legalmente como dereito— a solución parece estar clara. Cara a ela, son xa dabondo os lugares da costa luguesa que aspiran a constituírse en nova sede do I.S.M.: Viveiro, no oeste; Ribadeo, no este; e Foz, e Burela, no centro.

Hai quen pensa —Xiz recolle esa opinión— que habería unha solución intermedia, no mantemento da actual oficina na capital e a apertura de oficinas locais debidamente capacitadas pra decidir e resolver problemas. O que non parece posible de ningún xeito que se mire, é que o Instituto Social da Mariña radique nunha cidade a cen kilómetros do mar.



OS BARCOS, NO PORTO
A burocracia, en terra

.....

E. X.B.:

Mestres fóra

Outro xeito de emigración: está visto que ninguén se salva. Da convocatoria feita a nivel de Estado polo Ministerio de Educación e Ciencia pra cubrir 14.100 plazas de mestres de E.X.B., sóio lle tocaron a Galicia 180: 144 pra Pontevedra e 36 prá Coruña. «Galicia —decíase nun comunicado feito nunha asemblea convocada pola asociación de antigos alumnos de Santiago— é ún dos pobos no que máis nenos se atópan sen escolarizar ou mal escolarizados, xa que parece ser que o Ministerio pensa que escolarizar é meter 60 nenos nunha aula, e esto sen falar xa do ensino preescolar que tamén o deixa á marxe do proceso educativo, xa que sóio ten acceso ó mesmo o ensino privado».

Noutro comunicado, o Grupo de Estudios Pedagóxicos «Paul Lafargue» denunciaba a inestabilidade no emprego, referíndose concretamente ós despidos ocorridos en dous centros de ensino privado: colexio Peleteiro e colexio Juniors. «Nós coidamos —decían comentando estes casos— que a verdadeira xustificación é o intento de homoxeneiza-lo profesorado por parte dos novos donos, creando así un cadro de profesores que levarán a cabo un ensino totalmente dacordo coa ideoloxía dos novos empresarios, sen importar-lles pra nada a situación na que quedan os profesores despedidos e máilos alumnos».

En poucas verbas: discriminación á hora de plantexa-las oposicións, fomentando a emigración, inestabilidade no emprego, despidos inxustificados... Perante esta realidade non é estraño que se escomece a falar da «revolta dos mestres e penenes».

SETE DIAS

Vigo (a correr e na clandestinidade)

Os carnés do P.C.G.

Os tempos non son doados pra ninguén. Estes días andivo a celebrar o Partido Comunista de Galicia (PCG) o VIII aniversario da súa existencia, anque «a idea dun partido autónomo do PCE foi cousa que xa sentían os comunistas galegos no ano 36, e a súa creación esmagouna a guerra», asegúnan palabras do mesmo secretario xeral, Santiago Alvarez.

En Vigo celebróu a súa primeira entrega de carnés (ós veteranos do partido e máis ós membros do comité executivo) e logo foron por diferentes vilas e cidades do país. O carné número 1 teno X. M. (non son tempos pra darmos nomes enteiros), un vello militante anónimo que entrou no PC no ano 28. A numeración vai por riguroso orde de antigüidade, sen ter en conta a xerarquía. Había vellos loitadores campesiños, xentes que chegaron ó partido en Cuba, mulleres de aldea, antigos homes do maquis... E máis de ún botóu a chorar.

Pro os tempos non son doados pra ninguén, e a primeira festa do PCG víuse amolada tamén polas circunstancias. Foi o luns, día 24 de xaneiro. Apalabrouse un amplo restaurante nos arredores de Vigo pra reunir á xente, cear xuntos, botar discursos, pendura-las bandeiras... A policía enteróuse e foi ver ós donos do restaurante a mesma tarde do acontecemento. Non se podía reunir alí ninguén. Buscóuse un local a correr, contra do reló, e deuse cun vello merendeiro da carretera de Madrid.

Alí coemzou a xuntarse xente a eso das oito e media. A pequena sala xa estaba chea a rebordar. Fóra chovía a cachón. Entón comenzaron a pendura-las bandeiras (o servicio de orde na porta da sala), bandeira galega, bandeira rubia do partido, fouce e martelos polas paredes... E neste intre é cando entra na sala a dona do merendeiro preguntando qué queren vostedes cear. Cáseque hai que levala ó hospital. Berros. Ameazas con chamar axiña á policía (Santiago Alvarez seguía a bo-

tar o seu discurso e falaba de Benigno Alvarez, Manolo del Valle, Isidro López). A dona do establecemento e máilo fillo berraban na porta cos do servicio de orde. «¡Vostedes dixeron que eiquí lan xuntarse corenta persoas pra cear! ¡Esto non é unha cea! ¡Esto é unha reunión de comunistas! ¡Chamo agora mesmo á policía! ¡Doules dez minutos!». A emoción, as bágoas, os discursos, as apertas e máilas entregas dos carnés, todos a correr, úns cáseque por enriba dos outros... A policía non apareceu. Pro hai unha chea de carnés trabucados polas presas. O dito: cousas da clandestinidade. Os tempos non son doados pra ninguén.

Coruña:

Liaño contra a prensa

«Rexeita-las ambiguas e graves acusacións do alcalde de A Coruña, señor Liaño Flores, verquidas na sesión do pleno municipal do pasado luns, día 17, que poñen en entredito a honradez e máila obxetividade informativa da nosa clase profesional». A enérxica nota da Asociación da Prensa de A Coruña, que fixo que media cidade mirara cara ó palacete de María Pita por un intre, respondía ás declaracións do alcalde no que acusaba a algúns xornalistas de irresponsabeis e mentirosos a medias.

As cousas íanse a complicar máis adiante. Dende «La Voz de Galicia» chamarían a Liaño, e este diríalles a redactores deste xornal que con eles non pasaba nada. Por unha sinxela regra de tres, os do «Ideal Gallego» decatáronse que as verbas tiradas ó aer polo alcalde tiñan una diana moi concreta: as seccións municipáis «La Calle Habla», de Luis Pita, e «Cal y Arena», de Pita e Xosé A. Gaciño. Que referirse a estas columnas era o obxectivo de Liaño, confirmaríao el mesmo coa carta de aclaración que logo dirixiu a Emilio Merino, presidente da Asociación. Liaño insistía que os periodistas daban a coñecer algúns acordos, pro que silenciaban outros. Logo, cecáis vendo a reacción que as súas verbas tiñan, diría nunha roda de prensa, a pregunta de Luis Pita, que non, que os xornalistas non esquenceran ningunha decisión municipal.

Rías Baixas

Esperanzas pró mexilón

As comisións comerciáis que visitaron Austria, Checoslovaquia e Alemania pra promociona-lo noso amolado mexilón, parece que veñen optimistas. As cousas estaban dabondo difíceis, como consecuencia principalmente da «marea roxa», e os comisionados adicáronse a facer demostracións «en directo» das condicións e calidade do produto das nosas rías. «E posibel que nalgún caso mesmo haxa aumento na esportación, concretamente en Alemania», declararon a esta redacción en fontes próximas ó sector. De feito, Alemania merca xa nestes intres cáseque a metade dos mexilóns que esporta Galicia.

Por razóns das datas de peche das páxinas da nosa revista, no número anterior falabamos do problema da chirla italiana (dentro da problemática xeral da comercialización do noso molusco)

coma un serio competidor ante o que o Estado cruzaba de brazos. Agora parece que, efectivamente, as importacións de chirla foron paradas, o que beneficia ó mexilón galego.

A meirande parte do molusco prodúcese nas nosas Rías Baixas. Dende hai tempo a industria arrastra problemas que esixen unha nova planificación, a fondo. Está previsto, pra començar, unha forte campaña publicitaria en TV, radio, prensa, folletos, etc, pra animar ó consumo do máis popular dos moluscos gallegos. «Non podemos decir que as ventas baixaran moito, pro a imaxe do produto, logo da «marea roxa», a sona das intoxicacións, etc., foi o máis afectado e difícil de arranxar novamente. Agardemos que as campañas de promoción comercial en Europa e máilas que se están a facer nos EE. UU. sexan pra ben».

«As seccións «La Calle Habla» e «Cal y Arena» —decía Gaciño a TEIMA— son de opinión e crítica municipal, non exclusivamente informativas; e cando Liaño nos ataca, o que está a atacar é a liberdade de expresión».

O certo é que tres acordos municipáis —que TEIMA calificóu nun número anterior de «vergonzosos» prá cidade—, o dos aparcamentos, praza de touros, e vivendas en Santa Margarita, están a recibir críticas a moreas. A Liaño non lle gustan.

Algunos señores finos de Pontevedra

O axuntamento de Pontevedra, polo de agora, non pensa solicita-la cooficialidade do galego: ó alcalde non lle interesa o asunto e non parece que os concelláis teñan moito máis interés có señor Queizán Taboada.

A cousa pasa porque a corporación municipal de Pontevedra é moi

fina e, por riba, debe ter medo a non saberse espresar co empaque que o caso require cando deliberan sobor das súas trascendentes preocupacións: a bombilla fundida da esquina, a fochanca ou a maneira de atopar un papel na Casa Consistorial (que andan a arranxar por dentro cando o remedio non está en mover tabiques senón nos que se moven entre eles).

E non están soios, pois tampouco ós seus colegas da Diputación se lles ven maneiras de pedi-la cooficialidade, aínda que unha boa parte dos seus componentes dormen —e cando non, descansan— na aldea.

O asunto é que, de ningún xeito, os representantes oficiáis de Pontevedra queren da-la nota dun mínimo progresismo pondo o noso idioma no sitio do que nunca debéu fallar. Poida que polo costume das súas corporacións, que non saben falar outra cousa que có castelán, como tampouco saben ver máis que por un soio ollo, andar dunha soia man, aínda que cando meten a pata case sempre meten as dúas.



- NARRACIÓN
- POESÍA
- TEATRO
- ENSAIO
- ECONOMÍA E SOCIOLOXÍA
- HISTORIA
- ARTE
- HUMOR
- VIAXES
- FILOLOXÍA E LINGÜÍSTICA
- MANUÁIS
- MÚSICA
- LITERATURA POPULAR
- LIBROS PRA NENOS
- REVISTA GRIAL...

A CULTURA GALEGA EN LIBROS

EDITORIAL GALAXIA
Reconquista, 1 - VIGO

Amnistía que non chega

Esiliados galegos sen billete de volta

Dirixida ó noso director e remitida por Luis González Blanco (Foz), con domicilio en Francia Ivry sur Seine; 8, Imp. Truillot, chegou á redacción deste semanario a carta que reproducimos, sin facer ningún comentario pola nosa banda.

«Estimado compatriota: Quero aproveitar a plataforma que brinda TEIMA pra espo-la miña situación perante a opinión pública galega. No ano 68 vinme na magoante necesidade de ter que deixa-la miña patria pra non soportar unha serie de previsibeis molestias, xa que os membros da Brigada Político-Social percurábanme activamente. En París solicitei das autoridades francesas o estatuto de refuxiado político e dende aquela veño residindo no estado francés.

Pesia a existencia dunha orde de «busca y captura» existente na miña contra, nunca se me chegou a incoar proceso. Por eso, no ano 73 e coidando que tería deixado de ser unha figura de actualidade pró aparello represivo do Estado Español, dirixínme ó consulado español en París solicitando un indulto militar e máis un pasaporte español —o que suporía, xa que logo, a miña renuncia á condición de refuxiado.

En resposta ás miñas xestións, o consulado recibiu un «curriculum vitae» meu, elaborado pola «Dirección General de Seguridad». O miolo do choio era a miña definición coma separatista e comunista. De xeito curioso, distinguíase por unha banda coma «un dos principais introductores da ideoloxía marxista no movemento separatista galego» e por outra coma «introducido do separatismo galego dentro do movemento comunista» (nunca poiden entender tan sutil diferenza). O tal documento misturaba feitos certos con falsedades e cunha serie de curiosidades coma a que veño de citar ou a de considerar un feito sospeitoso e condenábel a miña amizade persoal con Xosé Luis Méndez Ferrín. A conclusión do documento era a negativa do pasaporte solicitado. A lectura de tal papel oficial (que non me estaba —evidentemente— dirixido) foime permitida por un funcionario consular e debo decir que tanto daquela coma posteriormente fun tratado con corrección e mesmo con amabilidade polos funcionarios do consulado ós que me teño dirixido encol deste choio. Esta lectura decidíume a agardar tempos millores pra voltar á miña patria que tiven o cativo consolo de poder ollar dende o ar e máis dende alén do Miño no vran do 75.

Despóis da morte de Francisco Franco e do «indulto» do nadal do 75 coidéi que as posibilidades poderían ter aumentado e dirixínme novamente ó consulado. No mes de Santiago (pra celebrar, sen dúbida, o día da Patria Galega) chegou a resposta, moito máis breve e menos razoada ca da outra volta: «Por el momento no procede la concesión de lo solicitado». O funcionario fíxome nota-las posibilidades futuras que deixaba en pé o sibilino «por el momento» característico —coido eu— dos «cambios» que xa tiñan ocorrido dende a morte de Franco Bahamonde.

Logo chegou a «amnistía» do vrán e novamente voltéi a insistir. Desta a «Dirección General de Seguridad» coidou comenente da-la calada coma resposta. Ante a miña teima, o consulado enviou unha chea de despachos e telegramas e, por fin, no mes de nadal chegou unha «respuesta»: o meu caso estaba sometido a unha comisión de estudio. O novo goberno non lle nega o pasaporte a ninguén, e no entanto a comisión sigue a estudar.

Se me dirixo a TEIMA e porque coido que unha parte do pobo galego pode estar convencida (por unha insistente propaganda) de que só os que teñen «delitos de sangue» ou algúns elementos (pouquísimos) extraordinariamente perniciosos, se ven privados do pasaporte. Non quero que ninguén pense que se non volto ó meu país é porque non me peta. Por outra banda, tódolos que me conocen saben que non me teño adicado a matar gardas civís e que nin siquiera se me pode acusar de ningún atraco ou de calquera «acto de terrorismo».

Se coida que a miña carta é demasiado longa, autorízolle a facer-las cortes necesarios sen altera-lo seu contido e senso. Seu e da Terra,

FOZ

SETE DIAS

Política

Eleccións na primavera

V. F. F.

Dende 1936 Galicia non ten unhas eleccións coa participación activa dos partidos políticos. Agora, namentres alguén tenta de «arxentinizar» a política española co medo e máilo terrorismo dos matós a xornal, anúncianse unhas eleccións cara a primavera das que as condicións (polo menos no intre de escribir esta crónica) aínda non se coñecen, estánse a negociar e representan, de primeiras, a xogada do tránsito dos longos anos do franquismo (coas urnas secuestradas) a unha certa democracia, pre-democracia ou semi-democracia que aínda non coñecemos.

Dende hai tempo, a dereita ten as súas posicións moi claras: participar con tódolos seus efectivos e alianzas posibles. A dereita tamén está dividida, pro ten os seus intereses moi claros. Ten máis que perder, ten as regras do xogo e ten, sobor de todo, as ventaxas de Poder instituído, os mecanismos herdados do franquismo, o sistema que se quere «autodevorar» alterando os seus postulados somentes no imprescindible pra sobrevivir.

Naturalmente a dereita sabe moi ben que as eleccións da primavera van da-la oportunidade histórica, mesmo cun consensus internacional das potencias occidentais (e Washington), nada menos que de elaborar unha **constitución**, enténdase: unha legalidade futura. ¿Cómo vai ser esa legalidade? ¿Quén vai elaborar esa legalidade? Velahí a transcendencia dunhas eleccións.

A esquerda sae do túnel, está saíndo do túnel, dacabalo antre a clandestinidade e a tolerancia, multada e perseguida a pouco tempo das urnas que se queren democráticas. Naturalmente é unha contradicción. Pro estamos cheos de contradiccións. Eiquí ninguén pode falar, nin sequer no millor dos casos tolerados (certos socialismos, socialdemocracias e democracias cristiás), de igualdade de oportunidades. ¿Qué alter-

nativa ten, pois, esa esquerda maldita, alonxada dos medios de comunicación, da legalidade mínima do mitin, da propaganda directa, do contacto co posíbel electorado mal informado cando non absolutamente deformado pola propaganda do Poder? ¿Qué alternativa teñen, xa no caso galego, os partidos galeguistas, concretamente? De primeiras a única que, ó parecer, van xogar: a saída á superficie, a saída á rúa dende unha certa **legalidade** de feito. Poucas alternativas hai.

Estas son as diferencias. Uns apuntala-lo Poder. Outros non teñen, obxetivamente, máis opción ca utiliza-lo xogo, utilízalo pra dar a coñece-la súa propia imaxe fóra dos medos e as persecucións (se é que deixan libres a tódolos partidos), utilízalo pra dar pública visión dos feitos dende a súa perspectiva, pra poder berrar «eiquí estamos». A esquerda, obsetivamente, xoga a carta do futuro, de sementar pró futuro.

Esto no millor dos casos. Tamén pode ser que as condicións desa futura lei electoral nin tan siquera dean este xogo. O goberno retrasa unha solución mínima prás negociacións e o tempo, neste caso, pasa sempre a favor das forzas políticas da actual legalidade que, dende hai tempo, veñen traballando xa a súa clientela. Fraga visita Galicia. Os homes de «Alianza Popular», ben sentado nos mecanismos do poder provincial ou empresarial (neste número danse algúns nomes) fan xa a súa política por aldeas, vilas e demáis.

¿Van volve-los caciques? Seguramente voltarán os caciques. O cacique non é máis có intermediario antre o político-vende-favores e o pobo desinformado, un intermediario que vende o favor (cando o vende) o cambio dun voto ou duns centos de votos. Aínda está recente a maña de algúns grupos políticos (hasta hai pouco «asociacións») que pra conqueren as 25 mil firmas que se esixían na «ventanilla» de Madrid prometían eiquí e alá carreteras, traídas de augas, melloras no campo, etc., a cambio dunha firma nun impreso (o boletín disimulado de afiliación). Canto máis baixa sexa a información do pobo máis medran os caciques. Haberá caciques (hainos xa) nas eleccións da primavera. Esto non é novo. Hai tempo que se ven tecendo a mesta arañeira.

Sociedade

Traballadores na Escola

XOAN X. SANTAMARIA

E un centro único en Galicia e constitúe un punto practicamente illado no conxunto do Estado español. Foi promovido por un grupo de traballadores de Vigo e comenzou a funcionar en firme no inverno do ano 1975. Chámase «Escola de Formación Social de Vigo» e naceu dunha preocupación polo estudo do Sindicalismo a tódolos niveis.

Percuráronse profesores, e o primeiro curso levouse a cabo pouco denantes das eleccións sindicais que se celebraban por aquelas datas. A partires daquela primeira experiencia, pensouse na necesidade de realizar outras actividades de interés pró mundo obreiro. Pra xuño do 1976 xa se contaba coa aprobación oficial que permitiría o legal funcionamento do centro. Foi creada por aquel entón a comisión directora, integrada por dazaséis persoas, encargadas de programa-las primeiras actividades e constituí-la Comisión Executiva, formada por seis dos promotores da escola. O traveso da asemblea xeral participan tamén os alumnos dunha maneira directa na marcha do curso.

A escola síntese comprometida co movemento obreiro, contribuíndo a «conqueri-los obxetivos de xusticia e promoción da persoa a tódolos niveis na percura dunha sociedade nova, autoxestionaria, personalista e comunitaria». Considérase independente e suprapartidaria, estando aberta a todos aqueles que queiran levar a cabo este labor de formación obreira que nos leve á transformación da persoa e da sociedade.

Conseguentemente, as actividades da Escola diríxense en primeiro lugar á clase traballadora, e, en xeral, a todas aquelas persoas interesadas en coñece-la realidade socio-económica que nos abrangue, o mesmo cós problemas conectados con ela, pra analízalos obxetiva e crítica-mente, actuando en consecuencia.

Os cursos e mesas redondas que ven celebrando a escola abordan cuestións coma «Sistemas socio-políticos actuais», «economía xeral e galega», «o sindicalismo obreiro en Galicia, hoxe», «os dereitos humanos e a súa proxección práctica», «historia do movemento obreiro», «teoloxía da liberación», «publicidade, sociedade de consumo e clase obreira» e todo un longuísimos etcétera de temas. A escola chegou a realizar un curso sobor de «cómo analiza-las necesidades dun barrio» en próximas á cidade de Vigo, así coma en Galicia en xeral, ó traveso das asociacións de veciños, agrupacións culturais e recreativas e calquera outro grupo organizado deste tipo.

OS EIDOS

Ensino

Cara a unha auténtica educación sesual

CIPRIANO L. JIMENEZ

A problemática que a «educación sesual», a sesualidade humana, nos plantexa hai que entendela e englobala, nun auténtico programa de SAUDE pró País Galego, considerando a saúde coma «un estado de benestar físico, mental e social, e non somentes o feito de que non exista enfermidade».

Dende o ano 1972, a Organización Mundial da Saúde (O.M.S.) está chamando a atención, sobor da falta de oportunidades que teñen os profesionáís da saúde pra estudia-la sesualidade humana. No Estado Español, non existe ensino oficial de «sesoloxía» na carreira de medicina, por poñer un exemplo, a excepción dalgunhas nocións marxinaís en psiquiatría, xinecoloxía, anatomía, medicina legal, etc. O outro aspecto que senala a O.M.S. é a penuria de profesores capacitados pra planificaren e executaren os programas básicos, cara a unha auténtica educación sesual. Aga rarísimas excepcións, tampouco nin en Galicia nin a nivel do Estado Español, existen profesionáís dispostos a incidir, tanto na ignorancia, en relación ás cuestións sesuais, coma nos criterios erróneos e descabelados que sobor da mesma existen. E lóxico pensar que tanto a ignorancia coma as ideas erróneas que sobor da sesualidade hai, gardan estreita relación tanto cos diversos problemas da saúde coma cas da calidade da vida.

Se pensamos, p. ex. nos criterios que a xente ten sobor dos métodos anticonceptivos (dos que falaremos noutra ocasión), non nos debería sorprende-la cantidade de conflitos que tanto a nivel individual coma familiar vemos cada día na nosa práctica médica.

DEREITO A INFORMACION

A sociedade galega (o pobo galego), ten dereito a ser informada básicamente encol dos distintos aspectos do desenrolo sesual: biolóxicos, psicolóxicos, reprodución humana, comportamento sesual, desarreglos sesuais, enfermidades, etc. etc. A problemática sesual, tanto no medio rural, urbán, escolas, institutos, coma na sociedade en xeral é obvia e evidente; somentes compe personal capaz de examinar e comprender con obxetividade os problemas sesuais ó tempo que lles dea unha información e asesoramento o máis adecuados posibles, tendo en conta os niveís de educación e cultura. Non embargantes, eses mestres da sesualidade, ¿ónde poden formarse? Deica agora, non somentes non existen servicios de formación cara a unha saúde sesual, senón que nin tan siquiera podíamos plantexar-la sesoloxía como tal disciplina dentro dun programa de saúde.

Sendo eu moi pequeno, na miña aldea, cando saía a conto un problema sesual, as xentes mirábanse

uns ós outros con certa prevención; nese intre un vello sabio rompía o silencio e decía: «... non teñas medo carallo, que falar do que hai non é pecado». Efectivamente, o vello tiña razón, ¿por qué se fala tanto de cousas máis abstractas e complexas (caso da relixión: os pais responden con máis facilidade a temas relixiosos, en xeral, cós de temática sesual, ós seus fillos) e tan pouco de temas, sobor dos caís, quen máis e quen menos, témo-la nosa propia experiencia personal?

Os tabús, os mitos sesuais, os sentimentos de culpa, o culto ó ma-

chismo, etc. e en xeral o secreto imposto pola sociedade encol dos temas sesuais, constitúen importantes obstáculos pra un bon desenrolo da «educación sesual».

¿Qué é pois a saúde sesual? A O.M.S. defínea como a integración dos elementos somáticos, emocionais, intelectuais e sociais do ser sesual, por medios que sexan positivamente enriquecedores e que potencien a personalidade, a comunicación e máilo amor.

O dereito á información sesual, non debe desligarse do dereito ó placer. Prós sesólogos: Mace, Bannerman e Burton o concepto de sesualidade sa inclúe tres elementos básicos e fundamentais:

1) a aptitude pra disfrutar da actividade sesual e reproductiva, e pra regulala de conformidade cunha ética personal e social.

2) a ausencia de temores, sentimentos de vergoña e culpabilidade,

de crencias infundadas e doutros factores psicolóxicos que iniban a reacción sesual ou perturben as relacións sesuais.

3) a ausencia de trastornos orgánicos, de enfermidades e deficiencias que perxudiquen a actividade sesual e reproductiva.

Tais criterios, impoñen na actualidade unha actitude positiva en relación á sesualidade, así como a posibilidade de discutimos obxetivamente as cuestións sesuais.

Pra rematar concluiremos, que cada Nación ten as súas normas culturais cara a problemática sesual. Nun programa de educación sesual e terapéutico, estas normas deberán valorarse por medio de estudos epidemiolóxicos sobor das actitudes e prácticas sociais en relación á sesualidade por personal local. As solucións posibles deberán corresponderse ás necesidades locais.

Igrexa

Tesouros e outras cousas

XOSE CHAO REGO

Na prensa do domingo 9 de xaneiro apareceu unha nota de que na catedral de Murcia foi roubado o tesouro da Virxe de Fuensanta, valorado nuns 300 millóns de pesetas. Non sei cantos devotos murcianos se terán alporizado por este «sacrillexio», pro o que por eiquí poiden observar foi certa ledicia mesturada de admiración: ¿cómo é que a Virxe pode ter tantas xoias e pra qué as necesita? ¿Non foi ela pobre e o seu fillo predicou a pobreza?

Non é nada doado explicar que o pobo ten dereito á súa devoción e que cómo se lle vai impedir facerlle agasallos á súa nai do ceo, bla, bla, bla... A xente cada día cre menos en contos e sabe que a autenticidade cristiá pasa por unha canle indiscutible: a pobreza real da Igrexa en canto sinal dunha loita pola xusticia. «Oriente» a piedade dos fiéis máis inxenuos e sometidos a unha dependencia máxica con relación «ó máis alá», resulta tan fácil coma inmoral. Hai aínda lugares en Galicia onde as imaxes da súa Virxiña vai cuberta, na procesión, de billetes verdes. Contábame o teólogo paúl Francisco Carballo, a quen atópé co gallo do XIV Coloquio Rexional de Cristiáns (por fin celebrouse en Compostela co permiso do arcebispo, despóis de que o gobernador de Pontevedra o prohibira en Poio no mes de Novembro); contábame, digo, do material que ten recolleito sobor do tema: os antigos lugares de culto pagano en Galicia ou os temas que representaba aquelas crencias máxicas, foron sendo somentes revestidos coa devoción mariana, que amansaron o monstruo, pro no fondo non trocáron ren.

Tradicionalmente, o tema mariano foi abusivamente empregado pra apioa-la represión sesual. Os «maios» eran, e aínda son, esas arbes secas que adornadas con ramallos e flores, chantanse simbólicamente o día primeiro do mes de maio, así chamado por este motivo. Os antergos, dábanlle a este simbolismo sesual feminino

unha forza máxica, e o mes estaba adicado a Afrodita, deusa do amor e sucesora da cananea Astarté. O «maio florido» dos nosos colexios relixiosos tivo un marcado carácter anti-frodisíaco, como ben sabemos, desvirtuando o valor teolóxico da virxindade (Deus faría en Marla unha nova creación, o Home novo) pra intereses morais que resultaron represivos.

Non ten moita sorte a muller do carpinteiro cos seus «fans», ou polo menos cos fanáticos. Aló pola década dos cincuenta houbo unha euforia nacional de coraçóns de patronas (agora as coroañs roubadas), tralo viaxe da Virxe de Fátima por toda España. ¿Qué significou aquel triunfalismo? Unha operación do nacional-catolicismo. A Virxe María xa fora asociada na batalla de Lepanto contra os turcos (de ahí ven a festa do Rosario), ou co Santiago matamouros na advocación do Pilar antifrancesa, é decir, antiliberal e antimodernista, deica chegar ó Palmar de Troya pasando polo anticomunismo da de Fátima. Triste papel de profeta de desventuras que se lle espeta, totalmente en contra da súa imaxe evanxélica e o seu canto («Magnificat») subversivo a prol dos pobres.

A POBREZA DA IGREXA

A pobreza da Igrexa foi posta en solfa polo semanario «Europeo», que en Italia fixo a denuncia das grandes riquezas do Vaticano. Segundo a denuncia de certos deputados, unha cuarta parte do chan da cidade de Roma pertencería ós inmobeis propiedade da Igrexa. O alcalde de Roma, comunista que foi recibido polo Papa, defende á Igrexa romana decindo que non é aliada do capitalismo, senón ó contrario. Certamente, o tema do diñeiro vaticano é un misterio que, por outra parte, non pertence ó Credo dos Apóstolos.

Tamén viñan sendo un misterio os cartos que había que pagar ós tribunais eclesiásticos pra conseguir unha

separación ou unha anulación do matrimonio. Agora e en Madrid, o cardeal Tarancón ven de suprimi-los gastos decretando a gratuidade neste choio. «Esto é somentes un parche pegado a destempo, que só a legalización do divorcio pode solucionar», din os cristiáns máis avanzados. Non é así, responden dende «Vida Nueva», porque «a medida de Tarancón é intraeclesial, e aínda que veña o divorcio civil, as obrigas e problemas matrimoniaís ficarán en conciencia iguais prós crentes».

Hanos aledar a medida do cardeal madrileño. En contra do que di a devandita revista, temos muy boas razóns (certamente de primeira man) pra opinar que este problema dos tribunais eclesiásticos é dabondo turbio. E que a única media «evanxélica» será non confundir-lo Evanxelio (que certamente proclama a indosubildade coma un ideal entre os ideáis propostos no Sermón da Montaña) cunha lexislación xurídica que non ten en conta os casos concretos. E o drama de tencionar converti-lo espírito do evanxelio en leis pra sempre.

Por certo, que o cardeal Tarancón ven sendo noticia frecuente. Nas súas «Cartas cristianas» de cada semá, opinou de que non ha haber partidos confesionais, con apelido cristián. Agora di que apelido non, pro sí «de inspiración cristiá». ¿Cal é a diferenca, ademais da verbal? Fálase de que en Roma querían un arcebispo máis favorábel á democracia cristiá e que está a punto de ser cambiado. Cóstanos traballo crelo. Formaría parte dunha ampla operación de cambio, que tamén afectaría a Santiago de Compostela. Son pouco optimista, pro se tal circunstancia se dera (monseñor Suquía, segundo as últimas noticias pasaría a Pamplona), é un pouco alarmante que entre os nomes que soan pra Santiago non estea o da única persoa que sería ben recibida polos galegos: monseñor Miguel Anxo Araúxo. Outros nomes serían froito da operación demo-cristiá.

OS EIDOS



Moitos, con razón, faránse a pregunta. ¿Compre falar de eleccións cando a extrema-dereita fala a súa linguaxe natural: a morte? ¿É ético falar de votos cando ahí, a carón do mar, hai presos políticos nas cadeas? O pobo galego, doído pola represión que aínda non cesou, alcóntrase ante un feito: a celebración, din que por maio, dunhas eleccións a imaxe da reforma. Habla que escomezarse a abordar este tema tan complexo. M. RIVAS e X. PALMEIRO son os autores do informe que sigue.

As eleccións da reforma

Participación en pe de desigualdade

Dende que ó 14 de decembro de 1976 se aprobou, nun referéndum, a lei pra reforma política non é esaxerado dicir que os acontecementos se precipitaron. No medio das conversas do Presidente Suárez con membros da oposición, aínda non legalizada e dunha preocupante situación económica e mentres se traballa no borrador da lei electoral, está claro que a extrema dereita —agachada detrás dun máis que reducido 2.6 por cento segundo os resultados do Referéndum— non está disposta a renderse a perder os seus privilexios e as súas parcelas de poder intocables durante os últimos corenta anos polo menos. Diríase case que a extrema dereita non está disposta a facerse democrata a golpe de Real Decreto, en tanto que as accións tráxicas e sanguinentas das últimas semáns falan claramente de que sí estaría decidida a queimar os penúltimos cartuchos buscando unha reinstauración do fascismo, cando aínda este non parece conxurado, polo menos no que fai referencia a algúns comportamentos oficiáis. Exemplo, as prohibidas presentacións de tódolos partidos políticos na Aula de Cultura «Lume» da Coruña.

Compre non esquecer que a Reforma está saindo adiante sen que se cumpran as esixencias da oposición representada na P.O.D. (Plataforma de Organismos Democráticos), na que polo demáis nin Euskadi nin a metade da oposición democrática galega —Paz Andrade representa á outra—, están presentes. Sigue ben viva a represión prós comportamentos e esixencias da esquerda. E como dato indicativo ahí está a resposta en forma de leña, multas ou sancións pra esas maiorías que reclaman e esixen a amnistía total pra tódolos presos por delitos políticos e sindicais.

As represións siguen

O tema da amnistía é, ademais, o millor pra entrar de cheo na situación política galega. Foi neste país

onde a represión, empezando polas prohibicións de toda caste, adquiriu cecáis unha especialísima relevancia. Os presos siguen na cadea e as mobilizacións pra dar a coñecer a súa situación, esixindo a súa liberación, son «contestadas» con sancións económicas que agora mesmo suman varios centos de miles de pesetas. A última das manifestacións pro-amnistía tivo lugar precisamente o día 25 de decembro de 1976 diante da cadea e nas rúas da Coruña. Era un saúdo e unha solidariedade máis prós nacionalistas galegos presos, ós que TEIMA adicou o informe do seu número 2.

A represión desa amnistía que non chegou súmase por outra parte, a outras que veñen da man das dificultades económicas incrementadas por uns intentos de industrialización —frente ós que as clases populares aparecen cada vez máis decididamente concienciadas e unidas— que non fan máis ca institucionaliza-la dependencia, forzando a fin de contas as correntes da emigración de homes e cartos.

Dentro, os últimos convenios colectivos firmados practicamente á forza, sen outra saída cás normas de obrigado cumprimento, polos traballadores, son unha boa mostra das coaccións e a represión cos que se resposta ás táboas reivindicativas das clases traballadoras.

Contactos pola esquerda

Velahí o marco, reducido a esquema, que informa a situación no País Galego. As forzas políticas que teñen ben en conta estes feitos, pro que andaban, coma quen dí, cada unha polo seu lado, atrevéronse a xuntarse por primeira vez pra —non podía ser menos— oporse a algo antidemocrático e centralista a ultranza: o chamado Plan Director de Coordinación Territorial de Galicia. Foi en Santiago e a oposición democrática galega rexeitou por unanimidade o plan. Era un paso. O segundo, coa vista posta nas elec-

cións, tivo lugar tamén nesa cidade o pasado día 20 de xaneiro. Non foi moito o que se filtrou desa xuntanza de catorce grupos políticos feita con toda a clandestinidade posíbel e plantexada dun xeito recíprocamente informativo de entrada. Sabedores das diferencias nos enfoques, análises e estratexias, os representantes políticos non se facían, ésa é a verdade, moitas ilusións de cara ós resultados. O comedimento era xeral, pro algunhas pequenas bases quedaron sentadas. Conocíanse dende había varios días dúas propostas pra formar frentes electorais. Falárase dun «frente federalista de esquerdas». O certo foi que non todos saíron ó mesmo tempo do lugar da reunión. Seis forzas, das oito participantes, quedáronse atraídas pola idea do «frente». Eran: Organización Revolucionaria de Traballadores (ORT); Partido Socialista Galego (PSG); Partido do Traballo de España (PTE); Movemento Comunista de Galicia (MCG); Partido Comunista Unificado (PCU) e Partido Carlista de Galicia (PCaG), tamén, como observador, a APG. Todos estes partidos acordaban tamén reunirse novamente convocando ademais ás outras forzas.

As dereitas ó seu

Todo esto polo que fai referencia ás esquerdas. ¿qué fan mentres tanto as dereitas? De entrada, calan e otorgan diante do Plan de Ordenación Territorial e ademais adicanse ós seus contactos e viaxes pre-electorais. Persoeiros da dereita viñeron en xira por Galicia e prometeron voltar no prazo dun mes ou menos. A prensa ten informado destes viaxes e mesmo dos candidatos que os partidos da dereita teñen preparados en Galicia pra saltar ás áreas electorais. En calquera caso, hai coincidencias á hora de resalta-la importancia nestas eleccións da reforma, dalgúns partidos vellellados ó poder político e económico. Dúas mostras ben re-

presentativas son o «Partido Galego Independente» (PGI) e «Acción Popular Orensana». Compre engadir que, pese ás declaracións, hai dúbidas do carácter democrático dos partidos da dereita, que poden representar, como ocorreu coa Alianza Popular, alternativas neofranquistas.

Unha cuestión aberta

Retomémo-lo fio daquela xuntanza «dos catorce» celebrada en Santiago pra falar dalgúns outros plantexamentos das forzas da esquerda. Porque hai comportamentos, sináis, que apuntan algunhas posibilidades de acordos concretos a non longo prazo —sen esquecer as reservas con que se producen tódolos partidos—. Ademais dese hipotético «frente federalista de esquerdas» ó que poderían chegar os seis partidos citados, podería haber un segundo plantexamento por parte da Asamblea Nacional-Popular Galega (AN-PG) no que participarían aquelas forzas que a recoñecesen coma a única organización nacional-popular de masas. A posíbel proposta da AN-PG estaría aberta a partidos coma Unión do Pobo Galego, Partido Galego Social-Demócrata e Partido Socialista Galego.

O marxe de plantexamentos deste tipo, outros tres partidos da oposición democrática galega estarían dispostos a ir ás eleccións illados, pola súa conta ou sóio con pactos á súa dereita. Serían o Partido Comunista de Galicia, Partido Socialista Popular de Galicia e a Federación Socialista Galega do «Partido Socialista Obrero Español».

Frentes todos eles hipotéticos, sen confirmacións oficiáis e, polo tanto, susceptíbeis de modificacións, reducións e hastra dificultades para poñerse a andar. De tódolos xeitos, cara á nación galega hai varias alternativas e será o tempo e a realidade quen faga definirse. De todo elo haberá probablemente novas noticias cando este número de TEIMA estea nos quioscos.



A necesidade de definirse ante un tema que enche boa parte da actualidade política —inda que desplazado neste intre polos asesinatados dese fascismo que non cesa— convocou o pasado 20 de xaneiro a catorce forzas políticas da oposición galega. Cada ún dixo nesta xuntanza o que en principio opinaba dunhas eleccións que queren lexitimar a reforma. A disposición a participar parece unánime. Participación relativa: a maioría das forzas a xustifican pola necesidade de que o pobo coñeza os plantexamentos, os programas e as esixencias da oposición; mesmo explica-las condicións mínimas que debían darse en Galicia pra que unhas eleccións foran verdadeiramente democráticas.

TEIMA recolléu as declaracións de portavoces dos grupos políticos que acudiron á xuntanza de Santiago e doutros que non estiveron alí. Eles dixeron o qué pensan das eleccións e o qué pensan facer ante elas. Velahí as respostas.

PARTIDO POPULAR GALEGO

«O PPG —dixeron a TEIMA portavoces deste partido integrado no Equipo Demócrata - Cristián— non refuga outras alianzas, pactos ou acordos circunstanciais pra realización de determinados obxetivos previamente sinalados, de interés común ou coincidentes». Como exemplo desta vontade, puxeron a súa asistencia á xuntanza convocada polo Colexio de Arquitectos pra trata-lo tema do Plan Director, e sobor da reunión convocada pra discutir a cuestión electoral dixeron a TEIMA que «se non acudimos a outras xuntanzas, o que lamentamos, foi, simplemente, porque non fomos convocados». «Estamos dispostos —engadiron—, de acordo cos nosos principios programáticos e sometidos sempre á última decisión da base, a conquistar actos circunstanciais que leven a conquistar obxetivos de interés común pra Galicia e pra democracia».

Recentemente apareceu na Prensa a noticia de contactos en Galicia entre o PPG e a Unión Democrática Española (UDE), de tódolos xeitos, o PPG manifestouse partidario de relacións cos grupos de inspiración galega e tamén cos de inspiración democrática e socialista. Xaime Illa, en Pontevedra, García Agudín, en A Coruña, son cecais as persoalidades máis coñecidas deste partido.

PARTIDO SOCIALISTA GALEGO

«Estabelecemento dunha «alianza federalista», que defenda polo tanto un proceso constituínte cun pacto federal dos pobos do Estado español», é unha das condicións que pon o PSG pra unha alianza electoral de forzas políticas galegas, según manifestaron portavoces deste partido a TEIMA. Outra condición sería a «concreción da fórmula de autogoberno galego en termos que superen o Estatuto do 36».

Este partido poñía como condicións pra participar no proceso electoral: a concesión dunha amnistía total, legalización de tódolos partidos, liberdade sindical, igualdade de acceso á radio e televisión, desmontaxe do aparello do Movemento, e tamén unha fórmula de autogoberno transitorio galego previa ás eleccións. No caso de participar no proceso electoral, os obxetivos serían: lanza-lo partido pola base, denunciar «a quen represente ó continuismo ou entre no seu xogo», e afianzar unha alternativa política galega «aquéla pola que, no seu contido esencial, veñen loitando as forzas nacionalistas».

As persoas que máis frecuentemente se citan nos medios políticos —no caso de que, efectivamente, o PSG decida a participar— coma posibles candidatos serían Xosé M. Beiras, Alvarez Gándara e Rodríguez Pardo.

ASAMBLEA NACIONAL POPULAR GALEGA

«A AN - PG —decíase nun comunicado ós medios de información— considera antidemocráticas as eleccións previstas no ámbito do Estado, por non seren recoñecidos os dereitos nacionais galegos, as súas institucións políticas representativas e executivas, e mentres non sexa lograda a amnistía total, en especial prós presos patriotas galegos, e as liberdades de reunión, expresión, de partidos políticos e sindicais, etc.» Portavoces deste organismo decían tamén a TEIMA: «Nós non imos deixa-lo campo libre ós partidos españois en Galicia e estamos condicionados pola participación destes partidos, que se pode dar por segura».

«No caso de que decidamos participar —engadían— non o faríamos cun programa electoral específico pra estas eleccións, senón co programa da AN - PG, sen rebaxalo, porque cremos que é un programa democrático e popular no ca-

Enquisa entre as forzas políticas galegas

A oposición defínese

miño da autodeterminación, e que recolle as aspiracións do pobo». Insistían en que de producirse a participación sería «pra incrementala conciencia e a organización política dos traballadores e pra incrementar-lo apoio ó noso programa».

«De participar —dixeron encol de posibles alianzas— fariámolo posibelmente cos partidos galegos que apoiem o programa da Asamble e á propia Asamble como alianza política das organizacións de masas nacional - populares». A Unión do Pobo Galego apoiaría, cáseque con seguridade, esta proposta, pro fontes da AN - PG manifestaron que este tipo de alianza estaría aberta ó PSG e ó PGSD coas condicións antes sinaladas. «Nós sabemos —decían— que o enemigo principal está nas clases dominantes do Estado, esto nunhas eleccións e en calquera circunstancias».

PARTIDO SOCIALISTA POPULAR DE GALICIA

No caso de que se dean unhas condicións democráticas mínimas despois das negociacións Goberno - Comisión Negociadora, fontes do PSP de Galicia manifestaron a esta revista que «as alianzas e pactos electorais dentro da familia socialista é algo urxente, necesario e imprescindible porque entendemos que un dos pilares básicos, garantía e salvagarda da democracia, é o socialismo». «Non descartamos que paralelamente —engadiron— se produzan outras alianzas ou pactos electorais con outras forzas democráticas da oposición que loiten en Galicia, por Galicia e pra Galicia». O PSPG reivindica «un goberno propio galego baseado nos principios e institucións do Estatuto do 36 mentres non se modifique e actualice ou sustitúa por outro novo texto legal; é un punto de partida, non unha meta».

Coma outros partidos, o PSPG ten xa feitas listas de candidaturas pra toda Galicia. «Non as daremos a coñecer —decían membros do partido— mentres non quede defi-

nida a posibilidade de alianza ou pactos electorais; de non chegar a un acordo iremos sóios nas eleccións».

Gonzalo Adrio, Gonzalo Velasco, e Alexandro Otero, serían —según tódalas previsións— algúns dos posibles candidatos.

FEDERACION SOCIALISTA GALEGA (PSOE)

«Na xuntanza do outro día —manifestaron membros da FSG - PSOE— dixemos que non é o momento pra falar de frentes e alianzas; coidamos que estamos nunha fase de negociación e que até coñece-los resultados das mesmas non podemos falar de coalicións ou alianzas». En todo caso, a postura de cara ás eleccións decidiríase no Congreso que esta Federación pensa celebrar en febreiro, no que tamén tratarán da estratexia pra leválos próximos anos cara a Galicia. Dito sexa de paso, unha das persoalidades que acudirá seguramente a este Congreso será Mario Soares, secretario xeral do Partido Socialista Portugués. Respecto das listas, dixeron que se darían a coñecer a remates de febreiro. Entre as persoas coñecidas da Federación, están Leopoldo García, Andrés Eguibar, e Manuel Soto.

MOVEMENTO COMUNISTA GALEGO

Antes da xuntanza de Santiago, o MCG propoñía nun comunicado a formación dun «frente galego de esquerdas que incorpore a tódalas forzas que sendo defensoras da libre autodeterminación do pobo galego, estean dispostas a reclamar un réxime plenamente democrático pra Galicia, no cal ésta dispoña dun goberno propio, inxertado nun Estado federal». «O noso partido —decían a TEIMA portavoces do MCG— estaría a favor de que o conxunto da oposición boicotease as eleccións por non darse as mínimas condicións democráticas, pro recoñecémos que non é factíbel

(Pasa á páxina seguinte)

(Ven da páxina anterior)

porque as forzas que están participando nas negociacións co goberno non están esixindo as condicións previas que tiñan os organismos unitarios que naceron prá ruptura. Imsos participar intentando racha-la legalidade vixente que marxina ó noso partido e a outros».

¿Quén formaría o bloque? «Coas máis consecuentes da esquerda. Artellar un bloque en base a todas as forzas da oposición é irreal, non se vai conquistar, porque non se fixo cando as condicións eran moito máis favorabeis». Este bloque propugnaría como solución inmediata pra Galicia un artellamento federal, e defendería a libre autodeterminación do pobo galego. O MCG levaría, dentro deste bloque, un programa con contido político, económico e cultural. «Respecto das listas —dixeron— non temos nada decidido. Gustaríanos que o MC tivera xente nas listas pro non faríamos deste unha esixencia de principio. O que nos gustaría é que as listas estiveran feitas de xeito que deran a maior rentabilidade».

PARTIDO GALEGO SOCIAL DEMOCRATA

«A nosa opinión —declaraban a esta revista fontes do PGSD— pódese resumir en que estaríamos dispostos a participar se se dan as condicións democráticas mínimas que estamos a esixir». «Estariamos dispostos —engadiron— a unha alianza con partidos que defendan os intereses de Galicia, porque, en principio, antepoñemos os intereses de Galicia a calquera alianza». Non opinaron nada sobor das propostas concretas lanzadas por outros grupos. «De momento —decían por último— pensamos en posibles candidatos, mesmo independentes, pro non temos nada definitivamente decidido».

ASAMBLEA POPULAR GALEGA

Sobor desta cuestión electoral, membros da APG manifestaban que «ó definirse coma unha plataforma de concienciación, mobilización e encadramento das clases populares non pretende nin pode cumprir o seu papel pola vía dunhas eleccións, xa que logo trata de establecer e fortalecer-lo control popular e a democracia de base». Por todo eso, engadían, a APG non participaría como tal, aunque as eleccións foran libres. De tódolos xeitos,

dixeron que a APG mantíña uns criterios tácticos, en caso de que se conquerasen unhas condicións mínimas (amnistía total, liberdade prós partidos, autogoberno, etc.) que serían: «diante das eleccións pró senado propiciaría e favorecería a formación dunha candidatura que asuma un programa federalista, e que estivera formada por persoalidades, independentes ou non, representando ós diversos sectores das clases populares; de cara ó congreso, trataremos de propiciar candidaturas nacionalistas, xermolos dun bloque nacional - popular, que defendan a necesidade da autodeterminación e o socialismo pra Galicia, único xeito de ir cara ó poder popular».

PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA

«Prás forzas democráticas galegas —opina o PCG— é moi importante a batalla electoral que se aproxima». O partido pon unhas condicións previas: amnistía total, legalización dos partidos, liberdades democráticas, institucionalización política de Galicia e demais nacionalidades, etc. «Hai xente —declararon a TEIMA— interesada en que Galicia sexa a reserva de votos dos nostálgicos do franquismo». Sobor de acordos electorais opinan que o único xeito de ter o apoio maioritario da opinión galega sería «un bloque electoral galego formado polos partidos da oposición dende o PDG deica os outros grupos da esquerda, pasando polo PPG, PSG, PSOE e PSPG». Dito esto, engaden que tanto os demócrata - cristiáns como o PSOE parecen decididos a participar solos. «Doutra banda, o PSG propón un fronte ó noso sentir máis estreito do que Galicia necesita hoxe». De non chegarse a un acordo amplo, o PCG presentaría-se da súa man. Respecto das listas, dixeron que pensaban facelas públicas máis adiante. De tódolos xeitos, oficiosamente circulan os nomes de Santiago Alvarez (en Ourense ou Pontevedra), R. Pillado (Coruña), Manuel Peña Rey (Ourense), Alonso Montero (Lugo), e Carlos Núñez e Carlos Barros (Pontevedra).

PARTIDO CARLISTA DE GALICIA

O PCaG manifestouse partidario dun «frente nacionalista e federalista», aunque, dixeron a TEIMA, «de

momento non hai nada concreto decidido». «Como estamos no Consello, agardamos que éste se reúna e alí, co MCG, e o PSG, falar despacio». Dixeron que antes de tomar calquera decisión hai que coñecer-la Lei Electoral e ver se se dan as mínimas garantías. O Partido Carlista, a nivel estatal, non ten nada decidido: «de feito, o Partido Carlista de Euzkadi e o de Galicia poden ter posturas distintas».

PARTIDO DO TRABALLO DE ESPAÑA

O PTE considera que o proceso cara unha democracia burguesa restrinxida vai moi avanzado e que a correlación de forzas é favorábel ó gran capital. «Xa non podemos plantexar —dixeron portavoces deste partido— do mesmo xeito a loita frontal, que nós chamamos cousas, porque algúns partidos obreiros xa non a apoian». O PTE propón «un fronte electoral de esquerdas» pra «defende-los intereses das masas e conquistar unha ampla democratización do país». O obxectivo a corto prazo sería a República democrática. Este fronte electoral sería según o PTE, o xermolo dun «frente democrático cun contido antimonopolista e antilatifundista». Respecto do fronte federalista lanzado polo MCG opinan que é un fronte restrinxido «pro a diferenza non é grande». «Plantexar un fronte federalista sería condiciona-lo dereito de autodeterminación; salvando este atranco cremos que non hai ningún problema pra chegar a un fronte electoral».

ORGANIZACION REVOLUCIONARIA DE TRABALLADORES

A ORT mostrouse radical na súa análise das eleccións: «Pra nós, as eleccións son unha farsa, son unhas eleccións que a oposición democrática debe intentar facer democráticas tal e coma sinalaba a Plataforma de Organismos Unitarios (POD)». Din que a Comisión Negociadora —por eso retiraron o seu apoio a Paz Andrade— non está cumprindo o papel sinalado e os califica de «demócratas inconsecuentes». Sobor do tipo de alianzas, dixeron: «A nós gustaríanos aquela na que se agruparan tódalas forzas democráticas (da Táboa ou non) e que intentara impedi-la celebración

destas eleccións, que se comprometera a dar ó pobo unhas eleccións auténticamente libres».

UNION DO POBO GALEGO

Postos en contacto con portavoces da UPG, dixeron a TEIMA: «Cando teñamos algo que manifestar sobor desta cuestión, xa o faremos oficialmente ós medios de comunicación». De tódolos xeitos, según se desprende da posición da AN-PG, a UPG estaría disposta a apoia-lo programa nacional e popular daquel organismo.

L.C.R. E P.C.U.

A hora de redacta-lo informe, TEIMA tivo dificultades insalvabéis pra conquistar contactar directamente con portavoces da Liga Comunista Revolucionaria e do Partido Comunista de Unificación, que, por outra parte, participaron na xuntanza de Santiago. As páxinas da revista están abertas pra publicar nos próximos números a posición oficial destas forzas políticas.

A OPOSICION «BLANCA»

Outros grupos que actúan en Galicia —que non poden ser considerados neofranquistas, aunque sí reformistas— están pendentes de ratificar acordos feitos a nivel estatal. Este pode se-lo caso do PSOE - Histórico, e Reforma Social Galega (RSG), ou o recién formado Partido Social Demócrata Galego (PSDG, filial do PSDE), dentro de «Alianza Socialista Popular». Estévez Mengotti, de RSG, decía a TEIMA que poderían chegar a un acordo electoral con outras forzas socialistas. Opinaban que A.P. e o PGI teñen tódalas de ganar. Teñen decididos algúns candidatos, por exemplo, o catedrático Marbán en Lugo, López de Cereño en Pontevedra, e o mesmo Mengotti, en A Coruña.

O Partido Demócrata Galego —do que a principal figura en Galicia e Pais Ferrín— alcóntrase nunha situación semellante. A nivel estatal, a Federación de Partidos Demócratas ten suscrito un pacto —o Centro Democrático— no que participan «Partido Popular», «Partido Liberal», «Partido Popular Demócrata - Cristiano», «Socialdemócratas», «Partido Progresista Liberal», e «Unión Democrática Española». Pais Ferrín decía a TEIMA que o seu partido xa tiña as listas feitas pra Galicia. Pro que, polo de agora, calábaas.



Unha vez máis, TEIMA encargou unha enquisa ó departamento de socioloxía que o profesor Xosé Pérez Vilarinho dirixe na Facultade de Económicas de Santiago. Tratábase de coñecer-lo grado de conciencia e as preferencias políticas dos galegos. Estes son os datos e os resultados publicados aquí en exclusiva.

◆ **Esclusiva: Enquisa**

Máis do 50 por cento dos galegos prefiren partidos galegos

O baixo nivel de estudos da poboación de fala galega e sobor de todo a presión sentida polos campesiños obrigados a emigrar en desbandada dunha terra que non queren deixar, explica que case a metade dos que confesan te-lo galego por lingua materna, non queira ou non saiba responder se prefire un partido de dereitas ou de esquerdas. Como eles mesmos indicaban ós entrevistadores, os seus problemas, neste momento, non son a democracia nin a oposición, cuestións das que non saben nada. Hai, pois, un tercio dos galegos que non sabe definirse politicamente.

As preferencias do resto dos galego-falantes oríentanse claramente cara a dúas familias políticas: os socialistas (20 por cento) e os demócrata-cristiáns (17 por cento). A moita distancia siguen os Liberáís (8 por cento), os franquistas con menos do 6 por cento e os comunistas con cerca dun 5 por cento.

A distribución dos castelán-falantes e dos que empregan as dúas linguas é moi semellante entre si, inclinándose máis cara á dereita con ventaxa dos demócratas-cristiáns seguidos dos socialistas e dos liberáís.

PREFERENCIAS POLITICAS

O nivel de estudos fai ver que unha conciencia política manifesta só aparece claramente cando se supera o límite da vella escola primaria (ver cadro número 1). Un 66 por cento dos que teñen estudos e un 43 por cento dos que non pasaron da escola non se pronuncian sobor da súa preferencia política. (De feito, este grupo case coincide co total dos que non saben responder).

O pasar a niveis máis altos de formación, practicamente todo o mundo responde. O franquismo (menos do 5 por cento do total) retén a proporción máis alta de adeptos entre os que non teñen estudos, non sendo estadísticamente significativa a súa clientela entre os que pasaron pola Universidade. A democracia cristiá predomina (21 por cento) entre os que non tiveron máis estudos cá escola.

Logo, a medida que aumenta o grado de formación aumenta tamén a clientela socialista. Mentres, os comunistas (4 por cento do total) reteñen un 15 por cento dos que chegaron á Universidade, un 9 por cento dos que pasaron por unha escola profesional e un 7 por cento dos técnicos de grado medio, logrando só un 2 por cento entre a poboación sen estudos e un 3 por cento entre os quen non teñen máis ca estudos primarios.

O porcentaxe comunista resalta polo seu relativo alto nivel de formación. Pódese afirmar que a súa clientela é básicamente industrial: obreiros especializados, técnicos medios e universitarios. Por último a atracción liberal atópase entre os obreiros especializados, bachilleres e personas con estudos superiores. (Ver cadro número 1).

UN 60 POR CENTO POLA AUTONOMIA

Sóo un 6 por cento dos galegos pensa que as cousas irían peor se Galicia tivese

máis autonomía pra dirixirse a si mesma, mentres un 60 por cento pensa que irían mellor. Os datos son moi parecidos ós dun estudio dirixido polo profesor Salustiano del Campo (55 por cento de respostas favorables). A diferenza nas non respostas (16 por cento na nosa enquisa fronte a un 34 por cento na de S. del Campo) débese a que nós introducimos unha categoría intermedia máis: «Todo seguiría máis ou menos igual», que recolléu un 20 por cento das respostas. Hai que suliñar con todo, un pequeno pro ben significativo aumento do 5 por cento na demanda de autonomía, que se corresponde cunha diminución igual da oposición a ela.

Este dato pode ter unha grande importancia e darlles sentido a outros dous. O primeiro é unha aportación do estudio do profesor Del Campo, no que se fai ver cómo os galegos reivindicán a autonomía con máis do dobre de esixencia có resto dos españois, —porcentaxe que non se dá no caso dos vascos nin dos cataláns. O segundo dato sinala unha clara preferencia en Galicia por un PARTIDO GALEGO (50 por cento) fronte a un partido español (26 por cento). (Ver cadro número 2). Este último dato suliña con máis forza o peso da dimensión galega nos partidos políticos, que a simple dimensión «rexionalista» apuntada no estudio do profesor Del Campo.

Este é un dos puntos que máis evolucionaron dende o 20 de novembro de 1975, aínda que en Madrid só parece terse en conta pra Catalunya e Euzkadi. O feito é que a unidade diferencial galega é maior cá dos outros dous países máis misturados por unha forte emigración.

NECESIDADE DUN PARTIDO GALEGO

O partido galego alcanza o máximo de adhesións ente os que teñen estudos profesionais, baixando a medida que baixa ou sobe o nivel dos estudos. O partido español ten máis aceptación entre os que poideron disfrutar de máis anos de ensino. Algo semellante sucede coa demanda dunha meirande autonomía pra xestión dos asuntos galegos. O feito de que esta demanda aumenta co nivel de estudos, cun forte salto (90 por cento de adhesións) entre os quen ten estudos profesionais, dato que fala dun máis alto grado de concienciación galega neste grupo, que podería definirse coma a nacente clase obreira galega.

Polo demáis, a demanda de autonomía de Galicia é igualmente xeral na aldea ca na cidade. A idade ten unha certa influencia, aínda que é moi pequena na poboación máis activa (de 21 a 64 anos). Os máis entusiastas da autonomía (70 por cento) son os de 45-54 anos.

E importante salientar que en ningún grupo de idade, os que pensan que as cousas irían peor cunha meirande autonomía non sobrepasan un 9 por cento, fixándose a media nun pequeno 6 por cento. Os grupos menos entusiastas non din que as cousas irían pero. Simplemente afirman que non saben ou non queren responder.

En calquera caso é algo moi claro a de-

manda xeral dunha maior autonomía, particularmente nos grupos con máis alto nivel de estudos. Así, mentres sóo un de cada cinco dos que teñen estudos piden máis autonomía pra Galicia, reclámana catro de cada cinco dos que chegaron á universidade.

Por último convén destacar que practicamente tódolos qu se sentirían mellor defendidos por un partido galego, pensan que Galicia estaría mellor se disfrutase de maior autonomía. Pola contra, sóo un de cada tres dos que prefiren un partido español pensan que as cousas irían mellor se os galegos tivesen algo máis que dicir sobor dos seus propios asuntos. Con este dato é coherente tamén o de que a oposición á autonomía —moi pequena xa en termos xerais— se re-

duza á metade no que falan galego. En definitiva falar de autonomía parece implacable a necesidade dun partido galego. Polo demáis, no cadro número 2 quedan claras as preferencias dos galegos por un partido galego. Como é lóxico, as quen falan sóo galego ou galego e castelán, aínda que estes nun grado menor, son os que se sinten máis vencellados a un partido galego, mentres que a minoría dos castelán-falantes tende a preferir un partido español.

◆ **A dereita: Todo feito**

Mentres a oposición tense que desenvolver nun medio agresivo, entre ameazas de «golpe», tiros e porras, cansas as gorxas de berrar pola amnistía, polas libertades, polos dereitos nacionais de Galicia, a dereita-dereita —da que falabamos no último número— anda xa de viaxes preelectorais. Teno, cáseque todo feito. Xa hai candidatos a manta. Hai van algúns:

Os sete grupos que compoñen Alianza Popular van presentar listas pra despóis peneiralas e saca-las listas definitivas. Por Reforma Democrática sinlábase a Vicente Roa, presidente de Autopista do Atlántico, González Páramo, Francisco Puy, o alcalde de Ourense, o mesmo Fraga por Lugo, etc. Unión del Pueblo Español presentou unha lista completa de vinte nomes por Pontevedra, entre eles Antonio e José Puig Gaité, José Luis Peláez Casalderrey (presidente da Diputación), Otero Rey (alcalde de Pontevedra), Castro Alvarez (alcalde de Ponteceso), Ramón Encinas (ex gobernador civil), María Dolores Zamames... Acción Democrática —segundo estas noticias, tería presentado tamén as súas listas: como persoas destacadas estarían Alberto Groán, Vázquez Peña, Celso Soto (abogado), Manuel Tomé, Julián Martínez (abogado) e Antonio Ramilo (presidente do Consello Provincial de Empresarios). UNE presenta, entre outros, a Fernández de la Mora. Por outra banda, o Partido Popular presenta a Pío Cabanillas por Ourense. O PGI presentaría unha lista na que —cáseque con toda seguridade— estarían Meilán Gil, Pérez Puga, Perfecto Yebra, Corzo Diéguez, García Picher, Fernández Calviño, e Graño Amarelle. E aínda queda a extrema-dereita, a que se autocalifica aínda «franquista». Pro esta dividirase entre o apoio ós seus herdeiros naturais ou ós grupos.

CADRO NUMERO 1

¿QUE TIPOS DE PARTIDOS LLE GUSTAN MAIS?

ESTUDIOS	NON SABE NON CONTESTA	FRANQUISTAS	DEMOCRATA-CRISTIANS	LIBERALES	SOCIALISTAS	COMUNISTAS	OUTROS	TOTAL
NON CONTESTA	38'51	0'00	49'22	0'00	12'11	0'00	0'00	100
NINGUN	66'04	9'90	8'75	3'24	8'81	3'23	0'00	100
PRIMARIOS	43'18	5'55	25'82	6'39	14'67	2'24	2'14	100
ENSINO PROFESIONAL	4'43	0'00	14'72	33'51	28'67	9'28	9'28	100
BACHILLERATO	19'10	1'75	16'03	21'96	33'64	3'84	3'85	100
ESTUDIOS UNIVERSITARIOS	8'68	0'00	19'01	19'03	33'76	14'68	4'77	100
ESTUDIOS MEDIOS	14'41	2'71	16'75	4'99	48'96	7'06	4'99	100
TOTAL	36'38	4'62	20'99	10'15	20'96	4'18	2'69	100

CADRO NUMERO 2

¿QUE PARTIDO DEFENDERIA MILLOR OS SEUS INTERESES?

LINGUA QUE SE FALA NA CASA	NON SABE NON CONTESTA	PARTIDO GALEGO	PARTIDO ESPAÑOL	TOTAL
NON CONTESTA	62'41	0	37'59	100
GALEGO	25'74	54'51	19'75	100
CASTELAN	20'40	37'27	42'32	100
AS DUAS	19'02	50'48	30'50	100
TOTAL	23'29	50'33	26'38	100

Contra do que comúnmente se pensa «nós partimos un pouco —dixo Xosé García— do principio de que o desaxuste síquico non é algo singular e persoal, senón todo o contrario. Logo, coidamos que un enfoque psicolóxico e asistencial que responde somentes ós aspectos persoais non vai ó fondo do problema, xa que este sixe, sen dúbida, unha siquiatría comunitaria que conleve respostas colectivas».

HIXIENE MENTAL LIBRE

García engade: «Os contactos que estamos a ter con charlas, coloquios, etcétera, mostran unha verdadeira acollida favorábel, aínda que, encol das enfermidades mentais, hai dende hai moito tempo unha idea deformadora e unha actitude descalificante por parte das estruturas sociáis. A pesares de todo, a xente —cando ten ocasión pra falar dunha maneira libre destes problemas, cousa que hastra agora non tivo— préstase ben ós enfoques de hixiene mental, de saúde mental».

«Eu engadiría —suliñou Dolores Arribe— que, realmente, a xente responde moi favorábelmente. Mesmo é moi significativo que, escomenzando este centro de cara ós que non dispoñen de medios pra acudir a outro tipo de siquiatría, hoxenda son moitos os que veñen xunto a nós debido a como se levan as cousas». Claro que, como diría despois Emilio González, non se trata de meterlle na cabeza ó usuario do centro que a súa enfermidade é unha enfermidade máis, sinxelamente, senón ás estruturas que son as que están a xenerar tódolos problemas.

«Os responsabeis son os que gobernan a sociedade. Se o sentirse enfermo mental significa neste momento —dixo González— unha marxinação é porque lle interesa ó sistema establecido que sexa así e non doutro xeito. E, claro, isto non é culpa dunha actitude individual».

AS TRAMPAS DA SIQUIATRIA

Pra Emilio González tamén é certo que, cando se fala dun tolo, pénsase na clásica persoa que estivo no manicomio. E hai persoas que, nefeuo, sofren un grado intenso de enfermidade, pro a problemática xeral que se está a ver é a de trastornos menores —nerviosismos, insomnios, depresións...— que son o corenta por cento das consultas da medicina xeral e da medicina interna. A todo isto, a siquiatría oficial, estálle a dar —coma tamén gran parte da siquiatría privada— unha resposta de pastillas ós síntomas sen se meter no por qué.

«E eso é unha trampa —engade logo— que, no fondo, ven basada na existencia de dous enfoques distintos: dunha siquiatría da represión que somentes tapa aparentemente os problemas e, por outra banda, dunha siquiatría liberadora

que tenta que a xente comprenda o por qué dos seus síntomas de cara a unha solución colectiva».

Pro, tamén, como recorda García, as estruturas oficiáis fan que a mesma familia do enfermo asuma, sen máis, a ideoloxía da marxinação: «A familia, moitas veces, non axuda ós enfermos e é a primeira —engade Dolores Arribe— en marxina-los. Dende a miña experiencia podo decir que manteño unha relación que se pode considerar como completamente normal: saír con eles, facermos un viaxe curto, irmos toma-lo café... cousas que os propios parentes miran mal, pois consideran que a persoa non se atopa en condicións de face-lo que o resto da xente, a que non está etiquetada coma enferma, fai. Esta é, coído eu, unha das grandes dificultades coas que se encontran pra se integrar na sociedade. Por suposto, claro, que esa non é a única nin a principal: hai que ter en conta as dificultades do pobo galego pra atopar un posto de traballo e cousas polo estilo que inciden fortemente de maneira negativa na integración dos enfermos».

ATAACA-LAS ESTRUCTURAS

O equipo médico asegura que, se ben é certo que hai experiencias semellantes, estas ñse nun contexto distinto e, polo tanto, con outras características, que se están a levar a cabo en Barcelona e a nivel de barrios. No caso do Sico-Social ferrolán, coma di Emilio González, «o fundamental é que o control lévano os mesmos usuarios ó traveso dunha xunta xestora que, nestes íntres, está financiada dun xeito popular polos socios protectores».

As bases, pois, no feito de que se trata dunha siquiatría estrahospitalaria na que o problema é abordado alí onde queira que xurda: na familia, no traballo, na escola, na comunidade veciñal... A idea dos siquiatras ferroláns é que, no futuro, o centro chegue a ser financiado íntegramente polos organismos oficiáis encargados da saúde pública. Todo elo, sempre, co controldas actividades nas mans da mesma poboación, porque «a orixe dos problemas síquicos —teima González— está sempre nas estruturas sociáis e, no fondo, trátase de ataca-las estruturas en tanto que xeneradoras da enfermidade».

«Esta experiencia busca o compromiso —salienta García— de tódalas institucións que conforman a comunidade e nos lugares onde xurda o problema. Todo o que envolve ó suxeito».

O POBO, PROTAGONISTA

A pregunta de Vilamor de se, realmente, se pode falar dunha siquiatría galega, González respondeu que, nefeuo, non é que non se poida senón que se debe falar de siquiatría galega: «A siquiatría ten unhas clarísimas connotacións sociáis e, polo tanto, ten que recolle-la realidade do pobo en que se está

«Corrémo-lo risco de ser considerados utópicos, pro esto levará consigo o despertar da mesma inquietude noutros sitios hastra desembocar nunha situación de financiación ou de absorción dentro da reforma sanitaria que hai que levar adiante», dixerónlle ó noso corresponsal no Ferrol, Xosé R. Vilamor, cando foi entrevistar ós compoñentes do equipo médico do centro Sico-Social daquela cidade.

Os siquiatras Xosé García e Emilio González e máilas auxiliares María Dolores Arribe, e Pilar Cepeda faloron pra TEIMA das súas conclusións tras dunha práctica regularizada que medra día a día. Fai agora pouco máis dun ano dende que fora creado o Sico-Social, un verdadeiro centro-piloto pró Estado español: «A nosa laboura ten que ir amosando que a siquiatría tense que facer doutro xeito a coma se fai», dixeron.

O Ferrol

Siquiatras pola liberación

a facer. Do que se trata, entón, é de que ó facer siquiatría en Galicia hai que axustala —tanto na organización coma na maneira de facela— á realidade concreta en que se vive, cousa que hastra agora non se veu facendo».

Pró equipo do Sico-Social o exemplo do médico que fala cos enfermos en castelán é indicativo dunhas pautas que son alleas ó enfermo galego. «Tampouco é cousa —din— de pensar que a nosa siquiatría teña que ser totalmente diferente á doutros países, pois os modelos poden mesmo se-los mesmos aínda que entroncados nas respectivas realidades vixentes».

González engade: «Tamén é moi importante saber que, en Galicia, está a facerse siquiatría urbá e non rural cando a problemática rural é xigantesca e esixe un tratamento distinto. Se se tratara de lle dar unha pastilla ó enfermo, claro, daría o mesmo pra úns que pra outros, pro como o que se busca é a solución da raíz do problema hai que chegar ó coñecemento de todo o que arrodea á persoa, tanto da banda material e síquica coma espiritual». Logo, suliña que hai que facer unha verdadeira siquiatría galega pro sen caír en posturas racistas hastra o punto de maxinar que os galegos somos totalmente diferentes dos demáis. O certo é que temos —di— unhas peculiaridades distintas e hai que telas en conta.

«Eu quixera engadir —remata Xosé García— que a personalidade do individuo fórmase a partires da cultura e das institucións que están sobor del. Entón, nun íntre calquera, se o individuo ten un problema, este non se resolverá máis se non se ten en conta o lugar concreto e as relacións concretas que o individuo mantén. Calquera tipo de asistencia que non teña en conta a realidade social do home galego, non pode dar unha resposta liberadora. Eu diría que a siquiatría galega poderá facerse na medida en que o pobo galego escomence a ser protagonista dos seus destinos en medio do respecto á súa cultura e ás súas estruturas».



SIQUIATRA POPULAR
Salvar ó enfermo da abisma

YANEZ



Hixiene mental
Pra todos, dando o principio

Dende que hai algúns anos, crebuse no Ferrol un Dispensario Siquiátrico instalado no porto da Cidade Departamental, novas expectativas naceron cara á superación do estado de postración no que se atopa este tipo de asistencia sanitaria. Fálase xa, con frecuencia, do futuro nacemento dos chamados Hospitais de Día: o enfermo é obxecto de atencións crecentes polo día pra, pola noite, voltar á casa, xunto dos seus, en familia, no seu entorno...

En resumidas contas trátase, seica, dunha serie de tentativas encamiñadas a supera-lo manicomio tradicional e, concretamente, chegar á descentralización do Sanatorio de Conxo —a fin de contas, un xigantesco almacén de homes enfermos. Neste senso sitúase, dun xeito progresista e popular, a creación do Centro Sico-Social levado adiante por dous siquiatras novos, Xosé García e máis Emilio González, noutro tempo traballadores de Conxo, entrevistados pra TEIMA nestas mesmas páxinas.

Siquiatras do Ferrol:

Curar ó manicomio

problemas sicolóxicos e vitáis do enfermo.

A afirmación é clara: «Á violencia institucionalizada, a marxina-ción, son o resultado directo do manicomio». O que non é, nin moito menos, un xuicio negativo sobor de tódolos traballadores da Siquiatría, que loitan por millora-las condicións manicomiáis dende o interior da mesma institución e viven comprometidos nunha loita anti-institucional.

E o exemplo claro dalgúns dos traballadores actuáis de Conxo —sintomáticas son, da inoperancia real e da represiva actitude dos es-

tamentos oficiáis, as conflictivas situacións laboráis daqueles— e dos outros, dos que loitan fóra cara á posta en marcha de auténticas expectativas de hixiene mental. E o caso do Sico-Social ferrolán: os seus siquiatras foron, no seu día, despedidos de Conxo. Os seus métodos non facían, senón, decotío, poñer en dúbida o miolo do sistema de «almacenaxe» do centro santiagués.

Como, fai pouco, viñan a decir un fato de novos siquiatras cataláns, «na práctica, un manicomio non serve pra nada, pra nada positivo ó menos. O manicomio é —engandían os homes dun equipo artellado en Cornellá (Barcelona)— máis calquera cousa, máis un almacén, ca un lugar de curación. Compre atopar novas vías, na medida que sexa posíbel, á situación siquiátrica actual. A reforma no interior do manicomio non é dabondo en tanto que esquence que o conflito do individuo nace e medra fóra do medio manicomial, naqueles lugares onde o enfermo deba reincorporarse».

A fin de contas, a asistencia siquiátrica en todo o Estado é o sector máis deprimido da asistencia sanitaria, o que levóu a bautiza-lo como «a cincenta da Medicina española». Nos últimos anos, polo demáis, as inquietudes encol do tema chegaron xa ás máis altas esferas, sendo así que o primeiro Goberno da Monarquía —ó traveso da Comisión Interministerial artellada pra elabora-lo tema da Reforma Sanitaria— recoñeceu, públicamente en varias ocasións, as noxentas deficiencias da asistencia siquiátrica na España.

Nembargantes, os medios e máilos recursos que algún día te-

ránse que pór en disposición, fanse agardar lentamente... Exemplo claro son os problemas —pouco a pouco superados con esforzo— do Sico-Social ferrolán que, promovido por Cáritas Diocesana, encetou as súas actividades na segunda semá do xaneiro do pasado ano 76 cara á súa conformación —coma hoxendía é— dun xeito popular, cara á súa constitución como Asociación Civil integrada por socios e usuarios que leven o control dos servizos con total independencia.

O Sico-Social non é, por outra banda, un feito illado no Estado español. Se ben a súa característica fundamental faino diferente dos outros —a suscripción popular basea a súa actuación—, hoxe por hoxe pódese falar doustros intentos: aparte do Centre d'Higiene Mental de Cornellá, o Centre de Les Corts (en Barcelona, dirixido á poboación infantil); un fato de daza-séis membros saídos do Hospital Clínico, tamén en Barcelona, e outro en Hospitalet de Llobregat, formado por catro persoas, dúas das cais son antigos traballadores do manicomio de Sant Boi de Llobregat.

Outras experiencias, que proveñen do interior das institucións manicomiáis, son as do Hospital Siquiátrico de Bétera (Valencia) e máilas do Hospital Siquiátrico de Huelva...

Neste contesto, en fin, os proxectos do Sico-Social do Ferrol son —a corto prazo— o lanzameteo inmediato da campaña de petición de subvencións pra axuda ó Centro; o incremento do número de socios pra fixa-los ingresos mensuais, mentres non sexa financiado pola Seguridade Social, pola Diputación Provincial ou pola Administración Local; lanzameteo da campaña de «bonos-axuda extraordinaria»; a potenciación das actividades de divulgación médica directa nos barrios e escomenzar unha primeira experiencia nos medios de comunicación social e, por fin, elabora-los Estatutos, logo da súa aprobación pola Asamblea, pra presentalos ó Goberno Civil.

A medio e longo prazo, o Sico-Social tenta a consolidación do equipo médico e a súa descentralización cara un achegamento ás zonas máis alonxadas, consolidando tamén a súa situación económica dun xeito independente pra potenciar, noutros lugares, o comenzo de experiencias semellantes. Trátase, sen dúbida, dunha alternativa galega e democrática.



Conxo: tolear ós talos



YANEZ

Hai pouco que na redacción da revista recibíamos a instancia que veciños da parroquia de Sela, no axuntamento de Arbo, ó sur da provincia pontevedresa, mandaron á «Comisaría de Aguas del Norte de España» pra dar conta da súa preocupación. «Querénnos afogar as terras. Queren facer un salto no río Miño». Outra vez os saltos. Outra vez «Fenosa» (nesta ocasión xunto cunha empresa portuguesa, pois o salto quere chantar na zoa internacional do Miño). E TEIMA foi recoller a testemuña directa das xentes de Sela, Barcela, Mourentán, Fequeliños, Albeos... son centos de personas.

Nas terras do Condado

Primeiro a celulosa, agora o salto

«¿E qué imos facer nós? ¿E quen pode co esta xente? Non estáo a falar de cartos agora. Falo da miña vida e do meu traballo, da miña ferramenta de traballo: a terra».

«Mire, señor. A nós vannos levar de eiquí. Si me tiran as terras bóto-me ó río» (...) As espropiacións afectan á millor terra: terra de primeira, que produce de todo, mesmo o máis fino que haxa» (...) «Son as terras dos meus pais, que foron dos meus abós e así viñeron dende o primeiro do mundo. ¿Qué vou facer eu en Vigo? Comprar un piso, e gastar os cartos, ¿e logo? Botarme a pedir. Pro pra eso non valo» (...) «Non, non hai moitos emigrantes por eiquí» (...) «O que nós queríamos era que o goberno mirara pola terra coma tiña que ser porque esto pode dar moito máis e eiquí pódese vivir mellor. Tamén é certo que, como estamos, tampouco estamos ben. Pro si nos botan, ¿cómo imos estar?» (...).

O AXUNTAMENTO CONTRA O SALTO

«Oficialmente eiquí non sabemos nada. Absolutamente nada. Agora ben, desto xa se ven falando dende hai tempo, aproximadamente dende ahí uns seis anos. O que pasa é que agora saíu no Boletín Oficial da Provincia o «Expediente y proyecto reformado de aprovechamiento del río Miño en el tramo internacional. Salto de Sela» e isto foi o que volvéu a prender a chispa na xente, que ten medo —di o alcalde de Arbo, o axuntamento máis afectado polo salto—. Esta corporación municipal está totalmente en contra da súa construción. Absolutamente en contra».

Preguntámoslle ó señor alcalde (Jorge Freijanes Morales) cómo é posíbel que o Axuntamento afectado non esteña informado de nada.



AS PESQUERIAS E A LAMPREA
Soio nunha das parroquias contamos 56 (Barcela)

«Pois ninguén nos informóu oficialmente porque estas cousas sonlle así de misteriosas sempre».

—¿Por qué di vostede que son así de misteriosas?

«Porque cando lle informan é cando xa as ten enriba e non hai maneira de saír delas. ¿Quén tiña que informar? Eu xa non falo de «Fenosa». Falo do goberno». E engade o señor Freijanes: «A corporación municipal está moi unida neste tema. Estamos a preparar un longo informe, que faremos público ó seu tempo, no que recolleamos as moitas razóns e argumentos que esplican por qué unha cousa así é ruínosa pra esta terra tan rica. Un salto eiquí é unha ruína pra todos».



YANEZ

«¿E quen pode co esta xente?»

VAI SER A RUINA

Nós fomos recollendo dos mesmos paisáns algunhas das razóns das que fala o señor alcalde. Son as terras máis ricas as que quedarán afogadas. Son as terras que se traballan (as ferramentas de traballo, que decla o paisán). E toda a riqueza do río (ó sáballo, a lamprea) que da moito diñeiro, aunque sexa por temporada. Sómentes na parroquia de Barcela contamos 56 pesqueiras de lamprea.

«E o clima, as néboas, etc, que logo van vir a facer esta banda toda imposible de habitar —di un veciño de Sela— e imposible de traballar como se está traballando agora».

Pro sobor de todo, ¿pra quen van os beneficios? Esta é a pregunta que se fai sempre. E fábase axiña do salto de Frieira, a poucos kilómetros río arriba, que hai uns dez anos que se acabó de construír. «A pesares dos moitos kilowatios que se poidan tirar do río o caso é que alí non se poden alcender ó mesmo tempo todas as luces da casa porque non dá a corrente, e a

«A NINGUN DE NOS
VAI FAVORECER O SALTO»

TV tampouco se pode mirar. Non hai máis que un fio de luz».

Cando o salto de Frieira xa houbo problemas e mesmo andivo a Guarda Civil entre as leiras pra que poidera levarse adiante a espropia-
ción. Algúns falan tamén do de Castrelo do Miño. Tamén falan da Celulosa que querían chantar en terras do Condado. «Conseguimos botar ós da celulosa, pro os de «Fenosa» aínda son máis fortes ca eles e nós, eiquí, non somos nada. O progreso non mira pra nós».



YAÑEZ

**ANTRE 17 E 20
KM DE RIO**

O salto, no proxecto, escomenza no axuntamento das Neves, na parroquia de Setados, e a cola chegará a poucos kilómetros do salto de Frieira. Son arosimadamente antre 17 e 20 kilómetros de río e, pola banda galega, afecta ás parroquias de Vide (axuntamento das Neves), Sela, Barcela, Arbo, Mourantán, Fequelíños, (axuntamento de Arbo), Albeos, Ribeira e Quintela (axuntamento de Creciente).

¿E qué din os da banda portuguesa?

«Pois aínda non falamos con eles

porque hai pouco que soupemos da noticia e agora non veñen moito por eiquí, pro como ós portugueses se lles meta unha cousa na cabeza son tan tozudos que non vai adiante o proxecto. Polo de agora non dixeron nada».

Pola banda portuguesa están afectadas as parroquias de Abaliña, Penso, Valadares, San Martiño, O Peso, etc., arredor principalmente da «cámara» de Melgaço. Os problemas son moi semellantes e a principal riqueza, a terra e as pesqueiras. Estas, todos os anos, supoñen moitos centos de pesetas a maiores. A demanda é grande.

«A ningún de nós vai favorecer o salto» ¿Qué lle pedirían vostedes ó

gobernador, por exemplo, pra desenvolver esta terra? preguntóu TEIMA. «¿Qué lle pediríamos? Xa dixen: atencións pra agricultura, que miraran pola terra, que é moi rica e non se pode traballar ben e axeitamente porque eiquí as polticas sempre estiveron en contra de nós. Que nos poñan tractores, que nos mecanicen, que poidamos aprender o xeito pra millor esplotar todo es-

**«NON ESTOU A FALAR DE
CARTOS.
FALO DA MIÑA VIDA E DO MEU
TRABALLO».**

to, mesmo conxuntamente. Pedirlamos boas comunicacións, por exemplo, que eiquí non hai».

«Eiquí vivimos do viño (que é moi bo), dos froitos da horta (que hai de todo e si se traballa millor habería moito máis), da pesca que hai no río... ¿Por qué non se pode mirar ben por todo isto e non deixalo abandonado como nos teñen abandonados?»

**«ESTO NON E MAIS
QUE O PRINCIPIO»**

«Pra nós, emigrar a Vigo é o mesmo que emigrar a Alemania. ¿Qué imos facer en Vigo? ¿Qué imos facer cando se nos acaben os moitos ou poucos cartos que nos

dean por estas leiras, que son nosas de sempre?».

«Fuerzas Eléctricas del Noroeste S.A.» recorre, ademais, ó sistema de espropiaación de urxencia. «Esto priva ós veciños dos seus dereitos —dí a carta que se lle dirixiu á «Comisaría de Aguas del Norte de España»— coa fácil medida de depositaren unha cantidade simbólica, cando polo procedemento ordi-

**«ESTAS COUSAS SONLLE
SEMPRE ASI DE MISTERIOSAS»
(ALCALDE DE ARBO)**

nario ten tempo de abondo pra resolver normalmente a espropiaación sin coaccións nin merma dos dereitos que lles corresponden ós afectados» (o orixinal da carta está redactado en castelán).

¿Cál é a alternativa? Deixar sin efecto o proxecto do salto e, polo de pronto, rexeitar xa o procedemento de urxencia, din os veciños na antedita instancia. «De calquer xeito —fala o señor alcalde de Arbo— a cousa non fixo máis que empezar aínda. Isto non é máis que o principio». Pro é un vello conto con acedias esperencias noutras partes. A historia pode volver a repetirse eiquí. «Salmos da Celulosa, que cáseque non o creíamos. E ven agora isto». ¿Cómo se enteraron os veciños? Un deles por un casual, viu no axuntamento de Arbo, «esposto a información pública», o «expediente y proxecto...» Preguntóu. Alguén lle fixo unha copia pra levar á parroquia. TEIMA mesmo foi testigo de xentes que non sabían nada do salto e enteráronse cáseque por nós. Esta é outra. Pro a cousa non fixo máis que empezar. «Non queremos o salto. O salto nada ten que ver con nós, nin con esta parte. Tampouco son pra nós os beneficios. ¿E qué non hai outra maneira de trager o progreso?» (as respostas, están todas recollidas literalmente en cinta magnetofónica).



QUEREN FACER UN SALTO NO RIO MIÑO



YAÑEZ

«¿QUE VOU FACER EN VIGO?
Gasta-los cartos. ¿E logo?»



BLANCO, CO SEU MILLO
Liñas puras, espigas grandes

UNHA VELLA AMISTADE

Con Xosé Luis Blanco úneme unha vella amizade nacida aló polo 1946, que paséi na Misión Biolóxica preparándome pra dirixi-la «Escola Agrícola da Granxa Barreiros» de Sarria (Lugo), un ensaio de escola axeitada á realidade campesiña, creada polo home de empresa lugués, Antonio Fernández López.

Entón Xosé Luis Blanco preparaba a súa tese doutoral, baixo a dirección de Gallástegui co que colaboraba nos traballos de xenética do millo.

Moitas serás baixaba eu ó laboratorio onde traballaba o amigo Blanco e axudáballe algunhas veces a face-las preparacions microscópicas dos cencenos do millo, nos que investigaba mutacións xenéticas producidas pola consanguinidade. Mentres traballaba falábamos dos problemas agrarios de Galicia e da maneira de atoparlles solución; barallábamos as posibilidades que ten o ensino primario pra dar ós nosos campesiños uns primeiros coñecementos básicos, pra que logo entendan e practiquen as novas técnicas agrarias.

Despóis de irme da Misión seguíu colaborando co ela nos ensaios de sementes; colaboración tanto na Granxa de Barreiros e bisbarras luguesas coma despóis na miña estadía no Val da Orotava, na illa de Tenerife.

CURRICULUM

Xosé Luis Blanco nacéu en Vigo, licenciouse en ciencias naturais e traballou coma xa dixen, na Misión Biolóxica de Galicia. Estivo en distintos centros estranxeiros de Xenética, Citoxenética e Millora de Prantas coma a Estacao Agronómica Nacional de Sacavén, Lisboa, baixo a dirección do profesor A. Cámara; na Universidade de Minnesota cos profesores Charles Burnhan e Herber H. Hayes; no California Institute of Technology, baixo a dirección do Dr. Longley, na Commonwealth Potato Genetic Station de

Cambridge co Dr. K. J. Dodds e na Connecticut Agricultural Experimental Station co Dr. Jones o creador dos dobles híbridos do millo.

Xosé Luis Blanco é investigador do Consello Superior de Investigacións Científicas. Estivo destacado xunto co seu irmán Mariano na Arxentina organizando un equipo de xenetistas do millo na Estación de Pergamino (Bos Aires); cando voltou traballou uns anos na Estación de Aula Dei en Zaragoza e agora está en Barcelona onde dirixe o Departamento de Investigacións Antropolóxicas e Xenéticas, do Consello Superior de Investigacións Científicas, dende o que sigue con teima os traballos de millora do millo no que é un dos primeiros investigadores mundiais.

UN LONGO PERIPLO

Esta última visita a Galicia foi o remate dun viaxe que empezou en Barcelona, pasou por varios países europeos e logo por toda a zona cantábrica; rematou na Galicia natal na que Blanco sigue pensando coma un galego que non desertou nunca da súa caste. No viaxe foi recollendo sementes de variedades indíxenas de millos temperáns co fin de facer unha colección de material que lle permita outer híbridos que maduren en zonas frías; co eso poderáse estende-lo cultivo do millo a países onde, deica agora, somentes se cultiva pra forraxe, pro sen dar todo o rendemento de que a planta é capaz, porque cando de verdade adquire o millo máis valor alimenticio é nos derradeiros días da maduración. Se se consegue un millo que madureza neses países: Bélxica, Holanda, Dinamarca, Alemania, antre outros, terás axudado a amplia-lo cultivo e a atopar clientes pra semente que nós podemos producir; deste xeito, matabamos dous paxaros dun tiro, pois teremos tamén os millos temperáns ou «precoces» que se dean ben nas nosas bisbarras. Aínda andan por medio outras cuestións coma p.e. a facilidade que os organismos españois que levan o control da produción de sementes, conceden ás que veñen do estranxeiro, poñendo en troques moitos atrancos ás de produción nacional. Este feito pono en evidencia o caso do INRA 258, un dos híbridos que millor se dá en Galicia quizaves porque algún dos seus proxenitores é galego, pois a Misión Biolóxica intercambiaba material con outros centros de investigación antre eles os franceses que outiveron esa semente.

OS MILLOS DE «TALLO AZUCARADO»

Na década dos cincuenta os irmáns Blanco conseguiron un novo tipo de híbridos chamados azucarados porque teñen moito azucre na

No primeiro tercio de século fixéronse en Galicia traballos de investigación agrícola cunha seriedade e unha eficacia coma nunca se tiñan feito a traveso da nosa historia.

A Misión Biolóxica de Galicia, creada no 1921 baixo a dirección de Cruz Gallástegui Unamuno, conseguiu selecciona-los primeiros millos híbridos de Europa; probou dúcias de variedades de patacas pra saber cáis se daban ben na nosa terra; investigou pra conquistar castiñeiros resistentes á plaga da «tinta»; realizou unha cría consanguínea de porcos da raza «Large White» que foi modelo no seu xénero; organizou a produción da semente de millo híbrido por medio da cooperativa nomeada «Sindicato de Produtores de Semillas» que traballaba baixo a dirección dos técnicos da Misión e que poido terse convertido na gran productora de sementes pra España e pra Europa.

A morte de Gallástegui moitos destes traballos esmoreceron e algúns se perderon, coma moitas das «liñas puras», nais dos híbridos; perdéronse porque o único que podería continua-los traballos —Xosé Luis Blanco González, discípulo predilecto de Gallástegui— tivo que deixa-la Misión porque os responsabeis do nomeamento de novo director rexeitaron nomealo, por intereses pouco claros, coma non sexan o favoritismo político ou intereses de certos institutos...

Xosé Luis Blanco pasou por Santiago no mes de Nadal e falou co noso colaborador Avelino Pousa Antelo. Veleiquí un resume da conversa.

Xosé Luis Blanco

Tamén os cerebr agro emigran

cana, cualidade que lles permite manterse verdes despóis da maduración da espiga; dese xeito pódese aproveitar-la cana pra ensilar coma unha boa forraxe pró gando cun valor, mais ou menos, do 30 por cento da colleita de gran. Algúns destes millos fixéronse bastante populares en Galicia, malla a «guerra» dos híbridos americanos que montaron eiquí as súas sucursáis que aínda siguen a controlar un comercio que nos costa —ó Estado e ós sufridos labregos— moitos milleiros de pesetas en divisas. Algunha destas empresas americanas quixo «fichar» a Blanco pra levalo pra un dos seus centros de investigación; pro el non se decidíu porque xa se cansara de andar polo mundo adiante e desexaba voltar ó seu país.

O CASO DE FRANCIA

Francia é un país que pode ser exemplo dunha política ben levada encol do cultivo do millo. Cunha política intelixente de creación de sementes propias incrementou a superficie de cultivo que pasou dunhas trescentas mil hectáreas en 1950 a máis de dous millóns de hectáreas na actualidade. Medróu a superficie porque os rendementos tamén o fixeron de maneira espec-



CRUZ GALLASTEGUI
Orgulloso millo

tacular triplicando as producións unitarias. Francia non somentes conseguíu suprimi-las importacións de millo senón que se trocou no principal país esportador de Europa a quen nós temos que mercar moitas veces cantidades importantes tanto pra piensos coma pra semente; precisamente o que poderíamos ter feito nós se a Guerra Civil e a mala política agraria non estragaran os traballos conseguidos pola Misión Biolóxica arredor dos anos trinta.

O MILLO DE «ALTA LISINA»

A investigación vai atopando cada día cousas novas que abren vieiros de esperanza prá humanidade. E así, no ámbito do millo, temos agora a posibilidade de outar novos híbridos que xuntan tres ventaxas en comparanza co millo do país. Estas ventaxas son:

Primeira.— Aumentan as colleitas coma tódolos híbridos, se se cultivan os que verdadeiramente encaixan ben na bisbarra e se abonan axeitadamente.

principios alimenticios. O millo e os cereais en xeral, teñen pouca proteína e ademais a que teñen non é de moi boa calidade.

As proteínas están compostas por unha morea de aminoácidos e hai algúns destes aminoácidos que se chaman esenciais porque non se poden substituír por outros; os dous máis importantes son a lisina e o triptófano. O millo corrente ten moi pouca cantidade destes dous aminoácidos; por eso é tan importante o descubrimento da semente chamada de «alta lisina» que ten a dobre da riqueza en proteína e ademais esta é a de boa calidade.

A HISTORIA DOS «OPACOS»

Unha mutación atopada polos investigadores do millo nos anos vintentanos presentaba un «xene» que se lle chamou opaco porque non deixa pasa-la luz; observouse que o dito «xene» aumentaba a cantidade e a calidade de proteína nas plantas que o tiñan; pro tamén se comprobou que tal «xene» rebaixaba a produción do millo, especialmente do que se daba en zonas frías; houbo que facer un longo traballo de investigación pra conseguir meter tal «xene» nos híbridos, sen que baixe a súa capacidade de produción, cousa que, por fin, conseguíuse.

Nós temos agora —dime Xosé Luis Blanco— unha colección de millos que chamamos híbridos RAE (Ricos en Aminoácidos Esenciais) que sirven prás zonas medias e baixas de Galicia, pro andamos a buscar outros máis temperáns que permitan o cultivo en tódalas zonas aínda nas máis montañosas; con eso coído que emprestamos unha boa axuda pra millora da agricultura galega.

Porque, claro está, co millo sóio non podemos pretende-la millora total da economía agraria, do país; hai que facer moitas cousas parellas: o incremento da superficie das explotacións pra facelas rentabeis, a promoción da agricultura de grupo ou das explotacións comunitarias, das que coído que xa hai algunhas que son exemplo das posibilidades futuras, a industrialización que non contamine máis có imprescindíbel pra que non estrague o que agora temos, o establecemento dunha política educativa que teña en conta a realidade do país e que dea ós nosos nenos unha formación básica que lles permita coñecer ben a súa terra e ve-la maneira de promociona-la súa riqueza.

O EXEMPLO DA ESCOLA DE BARREIROS

O amigo Blanco estivo varias veces na «Escola Agrícola da Granxa Barreiros» e viu o entusiasmo con que traballaban aqueles rapaces no horto escolar plantando, podendo, enxertando, sementando, ou saíndo



BLANCO, CONFERENCIANTE «Millo de tello azucarado»

os sábados ás casas dos veciños, pra ensinalles a munxir hixiénicamente unha vaca, e facendo despois un queixo namentres se daban as leccións do día arredor da lareira campesiña, onde a xente da casa ollaba como o ensino tiña en conta a súa cultura e as súas necesidades. Temos que empezar na escola a transformación económica do campo galego; entre os Ministerios de Educación e Agricultura debían chegar a un acordo e dámo-la autonomía necesaria, a tódalos nivés, pra organiza-lo ensino tendo en conta a realidade do país. Se non se fai eso seguiremos perdendo moito tempo e moitas enerxías nun traballo que non chega ó campo máis ca en pequenos sectores. Deberían facerse rexurdi-los cursiños que pra mestres do medio rural galego se celebraron en Lugo do 1948 ó 1971 organizados pola Inspección de Primeiro Ensino coa axuda de Don. Antonio Fernández. Fai moita falla preparar axeitadamente ós mestres pra que a súa labora nos Colexios Nacionais non estrague o que ten de bo a nosa cultura rural que foi a que nos fixo o que somos. Se fíxera falla, os galegos deben mesmo politizar estas cuestións vitais prá vida do país, e que compre sulñar e salientar agora que vai haber unhas eleccións nas que o noso pobo pode empezar a tomar conciencia dos seus dereitos pra resolve-los seus problemas específicos, cousa que o centralismo non foi capaz de facer deica agora.

A «REVISTA DE ECONOMÍA DE GALICIA»

Xosé Luis Blanco foi conselleiro da Revista de Economía de Galicia que se publicou do 1958 ó 1968, que pretendéu axudar a estudia-la riqueza do noso país e o seu aproveitamento e medro. Precisamente no primeiro número da re-

vista ven un traballo de Blanco titulado «Algunas consideraciones sobre los factores de la economía agrícola de Galicia»; estudia alí os costes da produción de millo e a necesidade de aumenta-la produción unitaria pra favorece-la gandería que debe seguir sendo a gran fonte de riqueza da nosa terra; fai logo unhas atinadas consideracións encol da explotación dos montes e das falcatuadas que se fixeron naqueles anos levando as repoboacións forestais deica as mesmas aldeas, ás que se privou dos seus habituais medios de vida. Mentres outros países están axudando ós labregos, pagándolles unhas subvencións importantes pra que sigan no campo —o caso de Francia que chega a pagar subvencións de 20.000 francos, unhas 300.000 pesetas—, aquí cárgase á nosa subdesenrolada agricultura con novos trabucos coma o da impopular Seguridade Social Agraria que non ten en conta a capacidade económica do labrego senón que foi imposta dun xeito totalmente dirixista e arbitrario, fixando unhas «xornadas teóricas» que resultan grotescas se non fosen tráxicas nas súas consecuencias.

Este estudio que comentamos encol dos montes, ten hoxe plena actualidade; demostra claramente que as repoboacións forestais feitas indiscriminadamente destruíron máis riqueza cá que crearon, ademais de arruinar a xentes humildes que vivían dos esquilmos e do gando que mantiñan neles; aínda estamos a tempo de correxir moitas das falcatuadas que entón se fixeron, establecendo pasteiros e pradearas naqueles montes onde tanto a calidade da terra coma o clima o permitan e repoboando outros con especies menos degradantes cás que deica agora se empregaron e que nestes últimos anos están ardendo a cachón nos secos vrans que vimos padecendo.

REMATE

Blanco era Director adxunto da Misión cando morreu Cruz Gallástegui; atopábase entón nos Estados Unidos, e, sen decirlle nada, suprimiron o cargo que automaticamente lle daría a dirección do centro. El non garda hoxe xenreira a ninguén pro Galicia perdéu moito co seu alonxamento e a Misión perdéu a posibilidade de seguir creando riqueza en anos duros da nosa economía. Hoxe a Misión colabora con Blanco, as augas voltan ó rego; pasemos xa que logo a esponxa do esquecemento sobor dunha ocasión perdida pola economía galega e fagamos que, daquí en diante, as cousas se encarreiren pra que podamos resolve-los problemas pendentes que son moitos e agudos, tódolo-los que a incuria e o dirixismo non soubo ou non deixóu resolver nestes anos pasados.

s do



POUSA ANELO CON BLANCO Retrospectiva argentina

Segunda.— As canas destes híbridos teñen gran riqueza en azucre. Dos primeiros «azucarados» conseguidos por nós nos anos cincuenta ós que outemos hoxe, hai unha millora destacada tanto en colleita coma en riqueza en azucre a favor dos actuais.

Terceira.— Unha nova ventaxa, amáis das dúas xa nomeadas, é a do millo enriquecido en proteína de boa calidade. Sabido é que a principal deficiencia alimenticia do mundo é a de proteínas que son cada vez máis caras e non se producen tan sinxelamente coma os outros

Unhas cento oitenta persoas están a punto de perde-los cartos que, un bo día, invertiron pra se facer cunha vivenda propia en Narón, perto do Ferrol, no lugar chamado «Alto del Castaño»: «Parque Residencial Apóstol Santiago». Xente traballadora, nada forte economicamente, antre os que se atopan emigrantes, familias que pagaron no seu momento dende sesenta a cáseque medio millón de pesetas de entrada por unha vivenda pantasma coa panacea dunhas modalidades de compra irregulares pola súa aparente facilidade. A protagonista, unha vegada máis, VOSA: «Viviendas y Obras Sociedad Anónima».

« **Holding » Eurovosa:**

Moito ruído e poucos pisos.

X. N.

O total do proxecto de VOSA na bisbarra ferrolá falaba de duascenas vivendas e locais de negocio na primeira fase, de dous anos, pra chegar logo ós setecentos doce. No 1974 escomenzarían as obras e a historia deica hoxe, namentres que aquelas non chegarían a supera-la fase de estruturas e «piso piloto». Pouco tempo ía transcurrir pra que, decembro do mesmo ano, viñera a primeira suspensión de pagos e, con ela, o paro das obras e unha nova etapa privada pola desinformación e polas sombras antre o papaleo.

Meses despois, logo dunha serie de préstamos bancarios (Banco Hispanoamericano, fundamentalmente), o 17 de novembro do 75 VOSA tentaba reanuda-los traballos. Somentes dous meses, sen embargo, pra chegar ó novo paro e, deica agora, suspensión. Entre tanto, dende a emigración —coma dixeran a esta Revista varios dos afectados— «moitos seguían a paga-las letras porque VOSA, con toda a cara, xiráballas aínda despois da primeira das suspensións».

MAIS CARTOS, QUE ALGO QUEDA

As irregularidades de VOSA fixéronse públicas a nivel estatal, anos hai, polas suspensións de pagos de EUROVOSA, que capitalizaba as inversións da primeira. VOSA ven

se-la cabeceira do «holding» artellado antre HICONSA RENTA, URBASUR, INCERSA, HISPALIS de construcións, ALMONASTER de construcións e a devandita EUROVOSA, que fora fundada en 1972 cun capital de cinco millóns de pesetas. Dende aquelas, o seu número de inversores foi medrando deica chegar —segundo datos recolleitos do pasado ano— a perto de catro mil millóns. O funcionamento de VOSA, polo demáis, foi anormal dende os comezos.

Dende a súa constitución, cando VOSA vendía un apartamento, tiña a obriga de lle comunicar a SEGUROSVELAZQUEZ que abrirá unha póliza de protección ós clientes inversores. VELAZQUEZ —seica con relacións dabondo con VOSA— entregaba, logo, apéndices en branco da póliza pra que foran enchidos ó ser efectuadas as vendas. VOSA, nembargantes, nin enchía os apéndices nin deixaba constancia algunha do que vendía co que, de cada operación, viña a aforrar antre dez e dazaséis mil pesos do que costaba cada prima.

SEGUROS ARRISCADOS

O inversor, ó ver no seu contrato o número da póliza, maxinaba con frecuencia de se atopar a resguardo e, en xeral, non seguía a le-las outras cláusulas nas que se explicaba o seu dereito ó apéndice. Somentes



PARQUE, SI; RESIDENCIAL, NON TANTO

antre o cinco e o dez por cento reclamaba o devandito apéndice.

Co seguro a conta do diñeiro invertido, VELAZQUEZ facíase responsable dos cartos. «Cando as cousas foron mal e a xente reclamou —recolléu TEIMA de distintos acreedores— a compañía de seguros presentóu, no Xuzgado número 12 de Madrid, unha denuncia contra da empresa por firmar pólizas individuais feitas dunha póliza colectiva que tiña acordada con VOSA. Deste xeito, os de VELAZQUEZ laváronse as mans...» Polo demáis, «aínda dous compradores que eu coñeza —dixo a TEIMA outro dos afectados— por non ter non teñen nin seguro. Quedaron de llo dar pro logo veu a suspensión de pagos e...»

XUNTAS QUE NON FORON

En medio da desinformación, os afectados polo «affaire» non dispoñen doutros nomes que o do que figurou coma xefe administrativo de VOSA no Ferrol —Diego Ortiz Jiménez— e máis o de Manuel Marín Núñez, vendedor e representante da empresa. As oficinas abandonadas, ámbolos dous desapareceron pra non dar máis señais de vida dende primeiros do pasado ano 76.

«Tampouco Intervención Xudicial se dignou contestar ás nosas preguntas logo de que o asunto pasara ás súas máns», argumentan os acreedores e engaden que «no Ferrol é totalmente imposible informarse pra tomar algunha medida, e menos en Madrid. Mesmo cando a desaparición do material —ferro e madeira, fundamentalmente, pola noite— Intervención Xudicial de Madrid nin caso fixo ás nosas cartas con acuse de recibo contándolle-lo que pasaba. Tamén lles escribimos ós xuzgados de primeira instancia, números 7 e 12, pro de novo nada de nada...»

As cousas deste xeito, pró 2 de outono do pasado ano anunciouse unha xunta de acreedores que nunca chegaría a se celebrar: «Fomos a Madrid e, chegado o momento, ninguén sabía nada. Estabamos alí máis de trescentas persoas de toda España pro, inesplicábelmente, a

xunta non tivo lugar. Aínda moitos créditos, coma soubemos, non constaban polo que o noso abogado tivo que presentar fotocopia de tódolos contratos e letras pra facer consta-la súa existencia».

CONVENIOS CON FORCEPS

«Agora mandaron a algúns dos compradores, non a todos, unhas proposicións de convenio. En total tres, escurisimas, nas que o millor que propoñen é devolvérno-los cartos en tres anos a partires da aprobación do convenio, se se chegara a elo, sin devengo de intereses ningún. O vinte de febreiro que ven remata o prazo pra responder».

«A empresa ameaza con declararse en creba se non se chega a aplicar ningún convenio», teiman os afectados ó falar con TEIMA. «Son convenios nos que as votacións son proporcionais ó capital e non por maioría. Así, se o 66 por cen do capital acepta, os convenios son obrigados. Nós non estamos de acordo e non votamos por convenio ningún porque non temos nada que facer o ser o noso capital, o de os do Ferrol, moi inferior a ése 66 por cen».

«Nós, en todo caso, estaríamos interesados en propor outro tipo de convenio e non calquera deses tres. Neste tipo de convenios os de Huelva, por exemplo, teñen máis peso nas súas decisións en tanto que teñen máis cartos invertidos. Ademáis a empresa, nunha das proposicións, di que se o piso non está rematado nos prazos marcados o acreedor podería optar por un apartamento ou vivenda de igual condición, pro eiquí VOSA non ten nada máis edificado e esta posibilidade non existe. En todo caso —engaden— VOSA traballou somentes coma constructora do polígono de Carranza, feito pró Ministerio da Vivenda. E claro, algúns, dos acreedores ferroláns piden que lles dean un daqueles pisos que, despois de máis de catro anos que levan construídos, na súa maioría non están habitados...»

Entre tanto ¿ónde van os executivos de VOSA que, noutro tempo, campeaban Ferrol abaixo con negocios das estrelas?



VOSA, CHEGAR E ENCHER Poñe-lo carteliño e xa está.



XENTE E IKURRIÑAS
Cooficializa-lo todo

O manifesto dirixido ó Goberno e máila opinión pública era unha declaración de principios pra facer máis viábel o emprego a decote do euskera e facilitar tamén a práctica coa cooficialidade solicitada. «Non percuramos, dixeron algúns promotores a TEIMA, unha cooficialidade sóio de palabra, senón unhas cousas mínimas pra dármonos conta de que é certo, pra comprobar que a cooficialidade pódese percurar na realidade». A saída do pobo á rúa o día 22 pasado servíu pra presentala cooficialidade do euskera dun xeito solemne.

ESIXENCIAS MINIMAS

O manifesto posto en circulación

Nos últimos días, setecentas once entidades de Guipúzcoa fixeron entrega dunha solicitude pra saír á rúa. O Goberno Civil poido comprobar por medio dos papéis que o motivo era a solicitude da cooficialidade da lingua do País Vasco, o euskera. O corresponsal de TEIMA en San Sebastián, GREGORIO GALVEZ, informa.

Euzkadi

Toda a xente na rúa

polas setecentas once entidades é en certo modo unha enumeración dos «mínimos», dirixidos ó ensino, ós medios de comunicación e máila administración pública.

No eido do ensino as firmas esixen do Goberno que o euskera sexa ensinado a tódolos niveis nas catro provincias de Euzkadi. Queren a igualdade dun xeito total das ikastolas (escolas vascas) cos demais centros do ensino. Loitan polo ensino do euskera coma unha cousa de obrigado cumprimento tódolos días nas escolas e centros privados do País Vasco.

En relación coa «Euskal Unibersitatea», a universidade vasca, no manifesto esíxese dun xeito inaplazábel o recoñecemento dun distrito universitario único pras catro provincias, creado xa no vindeiro curso escolar.

En relación cos medios de comunicación sinálase a creación ou aprobación dun centro rexional de

televisión prás catro provincias de Euskal-Herría, con medios dabondo. Todo esto da pé pra pedir ós outros medios de comunicación que fixen as súas posturas e actúen dacordo con estas razóns.

TAMEN NAS ENTIDADES PUBLICAS

As sociedades e entidades fan referencia tamén á administración pública, esixindo que o euskera sexa admitido xa nas reunións das diputacións e corporacións locais. A outra esixencia é a da recuperación de nomes de pobos e persoas e que nas oficinas abertas ó público haxa sempre alguén que fale o euskera.

Outro manifesto ía dirixido ó pobo e nel pedíase ós empresarios, ás caixas de aforro, ós grupos políticos e sindicais e a tódalas entidades, sociedades, organizacións, asociacións e persoas o emprego do euskera e a aportación económi-

pobos
ibéricos

ca pra axuda da lingua e da cultura vascas.

ACCIONS CONCRETAS

As setecentas once entidades citaban pola súa parte unhas accións ou compromisos concretos:

— poñer a cada unha das asociacións un nome euskera neste ano.

— emprega-la lingua nos comunicados, follas e cartéis pra xente.

— favorecer tódalas iniciativas encamiñadas ó impulso e desenvolvemento da lingua en todo o país vasco.

E a xente saíu á rúa. Pra esixila defensa da súa lingua, enarbolando con forza tamén a súa bandeira, a ikurriña, xa erguida en moitos edificios públicos. Foron unhas xornadas totalmente populares en Euzkadi.

A España oficial e a España irreal

ARTURO RUIBAL



SINDICATOS ESTATALES CON CARNET
As nacionalidades, fora

Antes, cando a clase política se reunía pra decidir as ataduras que endexamáis se desatarían, a España real iba ó futbol, contaba chistes verdes ou falaba dos negocios porcos que xa non se descubrirían. Agora, mentres uns señores que aínda se chaman procuradores en Cortes, cren discutir no hemicycle unha reforma sindical da que ninguén fai caso, a verdadeira España oficial deulle-las costas e dálle voltas entre os bastidores ó futuro deste país cheo de demócratas repentinos. Verán.

1) No Palacio da Moncloa, Felipe González párase durante unha hora a petición do Presidente Suárez pra falar por vez primeira de ti a ti. González parece que plantexou ó seu interlocutor a devolución das Casas do Pobo, arrebatadas no seu día polo «Movimiento». «Se non nos devolven no prazo dun mes, faremos unha ocupación pacífica dalgunhas delas». Estes ou parecidos termos empregaría o secretario do P.S.O.E., contestando con xestos de «ti, tranquilo» o señor Suárez.

2) Dáse por feita a legalización do Partido Comunista, e a abolición conseguinte do actual rexistro de Asociacións e Partidos, limitándose cada grupo a unha inscrición sen posíbel rechazo por parte do Executivo e sóio pendente de que os tribunais poidesen denegalo máis adiante de acordo coa Lei de Reforma Política.

3) A extrema esquerda quedaría fóra de xogo. E moi posíbel que a esquerda admitida propugne a súa legalización previa. No caso de non conseguilo, o tema quedaría nas mans do novo Parlamento.

4) Entre as bandas marcadas pola Alianza Popular e os partidos socialistas, móvese unha gama de liberáís, socialdemócratas, demócratas-cristiáns, etc, dos que a loita por presentárense en bloque diante dos votantes, parece descartada. As aglutinacións quedarían pró Senado, pró Congreso todos queren coñecer as súas forzas reais. Polo menos os que cren ter moitas. Non vaia resultar que sendo máis fortes có veciño, pactemos de igual a igual. Decididamente ós «Padres de la Patria» non lles fan caso nin eles mesmos.

Página de arte

..Ceibe..
galería de arte

PINTURA E ESCULTURA
GALEGA

canton Grande..16-17-3º

tlf.22-38-97 a coruña



Galeria de
arte

RAIMUNDO PATIÑO

ESCULTURAS

real·22·1º

tlf.22-87-13

TORQVES



galeria de arte
Algala de Abaixo.39-T Tel. 69 9395
Santiago de Compostela

visitas:diario.7-10

/festivos.12-2

ALFONSO ABELENDA

OLEOS E PASTELES



arco da vella

LEZAMA ARRIOLA

ACUARELAS

reina.8-1º

lugo

Anticuario



La Galeria

.....obxectos de arte

a coruña

santiago.17



souto
galeria de arte

MANUEL BAEZA

OLEOS

General franco.95.ourense

Córcega, illa mediterránea próxima a Italia, que fala mesmamente unha lingua italiana (un dos dialectos toscanos), era unha terra independente que fixera unha revolución dirixida por Pascal Paoli e tiña unha constitución inspirada polo propio Rousseau, cando pasa a pertencer a Francia despois dunha sanguinosa represión no ano 1769. Leva, pois, máis de douscentos anos sendo unha colonia de explotación francesa.

A principal apropiación do pobo corso é a humana. O subdesenvolvemento económico, o abandono no que se atopa a agricultura foron as causas principais da masiva emigración. O país vaíse despoboadando de día en día. Segundo Max Simeoni, líder do A.R.C. (Acción polo Renacemento de Córcega), de seguí-lo ritmo actual, dentro de quince anos non haberá un soio corso en Córcega. Neste intre a illa conta con douscentos mil habitantes. Pro son moitos centos de miles os que se atopan traballando fóra. Somentes no Heságonos hai perto de setecentos mil corsos.

FUNCIONARIOS E TURISMO

A illa vaíse poboadando de xente estranxeira. Os funcionarios, os administrativos, os cadros, etc., son franceses. Unicamente un trinta por cento dos empregos son ocupados por corsos, e son, por suposto, os de menor categoría.

A administración francesa quixo facer da illa un paraíso turístico. Sociedades francesas mercan terreos a precios de Grovelandia e transforman a costa en praias privadas. Nesta «expansión» turística os únicos que non saen beneficiados son os propios insulares, posto que os beneficios do turismo pasan directamente a mans francesas.

Outra parte da illa é utilizada para concentracións militares francesas: Comandos de mariña, Lexión estranxeira, Boínas Verdes e C.R.S. (Corpo Republicán de Seguridade ou grises franceses). O feito é similar ó das ocupacións militares no Languedoc e na Bretaña. Non cabe pensar que sexa casual.

SUBDESENVOLVIMENTO E EMIGRACION

A situación da agricultura é caótica. A zona máis rica do país, unha banda de terra de vinte quilómetros de ancho na costa oriental, que fora en tempos o graneiro de Roma, está ocupada por «pieds noirs» que, despois da guerra de Arxelia, se instalaban nela gracias ás condicións favorables que lles propuxo o goberno francés. En troques, os agricultores corsos vense limitados ás te-

Da illa de Córcega pouco mais se sabe que está no Mediterráneo, ó pé de Cerdeña. E, o que se di, unha terra ausente dos panoramas informativos. E, sin embargo, a illa está marcada por uns problemas tan especiais que a encamiñan a levar a cabo toda unha loita de liberación nacional. O problema, pois, non é alleo a outros que se rexistran noutras zonas Europeas sin ir máis lonxe. O traballo que publicamos a continuación, escrito pola nosa colaboradora, MARIA XOSE QUEIZAN, pode axudarnos a un achegamento á realidade corsa.

Córce-ga

Un pobo agonizante que loita por sobrevivir

rras pobres das montañas, onde non sacan o necesario pra vivir. A emigración é, logo, a única saída prós labregos corsos.

TOMA DE CONCIENCIA

Desta situación xorde a toma de conciencia da súa explotación. Partindo de esquemas rexionalistas nos comezos, ó redor dos anos sesenta decátanse dos seus problemas específicos. Nace así o F.R.C. (Frente Rexionalista Corso) que agrupa xente de tódalas tendencias, escluindo ás dereitas. Dentro deste frente movilizáanse certos grupos que afirman que a única solución real pra Córcega é o socialismo. A palabra amedrenta axiña a unha parte que se escinde e crea a A.R.C. (Acción Rexionalista Corsa), que propugnaba a unidade entre as dúas correntes. NO ano 1973 eles mesmos conscientes de que o rexionalismo estaba sobrepasado polas circunstancias, pasan a chamarse A.R.C. (Acción polo Rexurdimento de Córcega), que posteriormente coutada polo goberno, rexorde en febreiro do ano 1976 co nome de A.P.C. (Asociación de Patriotas Corsos). Os líderes deste partido autonomista son os irmáns Simeoni. Max Simeoni é a cabeza pensante e Edmond, o máis novo, o activista. Edmond está procesado polo goberno francés, xunto a outros oito autonomistas, acusados de estar implicados nos sucesos violentos de Aleria no vran de 1975, no que perderon a vida dous policías franceses. Recentemente —TEIMA recolléu a noticia— foi posto en liberdade provisoria.

LOITA ARMADA

Os partidarios da liña socialista permanecen no F.R.C. que, tamén no ano 1973, se transforma no P.P.C. (Partido do Pobo Corso),

conscientes de que non pode haber liberación pra Córcega dentro do marco capitalista. Tanto o P.P.C. como o A.R.C. son autonomistas. Reclaman un estatuto de autonomía interna, pro dentro do marco francés.

En setembro do ano 1973 aparece o F.P.C.L. (Frente Paisano Corso de Liberación), que se pronuncia pola loita armada e realiza múltiples atentados, sobor de todas as ocupacións turísticas e nas concentracións militares. Proclaman a existencia da nación corsa e o dereito de tódolos corsos a volta-ren prá terra e traballaren nela. As accións armadas non son aprobadas pola liña pacifista e pactista dos autonomistas, que acusan ó goberno francés de provocalas coa súa intransixencia.

Edmond Simeoni declaraba: «E unha actitude hipócrita condena-la violencia se non se toman medidas pra impedi-la eclosión». Frase que o revela coma un puro reformista. O seu irmán, Max, disculpaba a violencia do pobo corso hai uns meses, decindo: «Somos un pobo agonizante que loita por sobrevivir».

O FRENTE DE LIBERACION NACIONAL

E pra sobreviviren, os autonomistas de esquerda xuntáronse recentemente nun F.L.N. (Frente de



RESTO DO MUNDO

Liberación Nacional), que, segundo eles, «será a derradeira etapa de dez anos de loita». O novo movemento está integrado por militantes de antigas organizacións: F.P.L.C.; Armada Revolucionaria Corsa, etc., e grupos nacionalistas duros que reivindicán a independencia total.

O programa do F.L.N. propugna: a destrución de tódolos instrumentos do nacionalismo (administración, exército, etc.); a institución dun poder popular democrático, espresión de tódolos patriotas corsos; a confiscación das grandes propiedades coloniais e máis trusts turísticos; a realización da reforma agraria o dereito á autodeterminación, etc.

O manifesto remata cunha chamada á guerra popular: «Corsos, collámo-lo camiño dos nosos antepasados, co fusil na man, pra libera-la nosa patria».

Ante este berro, os moderados autonomistas, dos que as aspiracións non superaron nunca o cadro da República Francesa, recomendan: «Calma e sangue frío». Non será doado que lles fagan caso. Prós corsos é unha cuestión de vida ou morte.

UN EXEMPLO MAIS

Despois desta rápida panorámica do nacionalismo corso, xa os lectores se terán decatado do por qué do título. Folgan aclaracións. Pro é interesante destacar que a radicalización progresiva do nacionalismo de Córcega é semellante ás posturas e toma de conciencia das distintas nacionalidades europeas. Os camiños son paralelos, con variantes en todo caso, polas circunstancias históricas, xeográficas e socio-económicas. As revolucións nacionais-populares dos moitos pobos oprimidos de Europa, incluída a Europa Oriental, estánse a revelar neste intre como a forza revolucionaria máis importante pra loitar eficazmente contra o Imperialismo. E dentro da liña máis ortodoxa do marxismo, aínda que Marx non o poidera prever. Porque Marx, afortunadamente, non foi un profeta.



Basilio Alvarez, cura:

Palabras quentes e redención

llego» (fundado e dirixido por Valentín Lamas Carvajal) pola súa voz quente dun xeito popular.

Trasladado a Madrid en 1907, logo doutras experiencias e publicacións, chega a dirixir a revista «Galicia» uns meses despóis e inaugura a Biblioteca Galicia namentras templa, día a día, as cordas dunha gorxa que ronca por se sair das tertulias da Capital.

En 1909, coa radicalización das loitas agrarias en Galicia, coas axitacións campesiñas e, sobor de todo, despóis do trágico motín de Oseira, o cura chega á conclusión urxente da necesidade da radicalización dos intelectuáis galegos en Madrid que enchen pola serán as xuntanzas do café Excelsior. E, precisamente, neste contesto onde xurde o compromiso do que, en adiante chamaríase «Acción Gallega».

Dende o ano seguinte, 1910, dirixindo o seu portavoz quincenal, Alvarez pasa a se converter na ialma de «Acción Gallega» participando insistentemente nos mítins do movemento ou, por exemplo, participando activamente polas campañas de Alfredo Vicenti en Becerreá e Portela Valladares en Fonsagrada.

Despóis de asistir á II Asamblea Agraria de Monforte, pasa a se converter no segredario da Liga Agrario-Redencionista: era o primeiro intento de constitución dun verdadeiro partido agrario galego. En adiante, Basilio Alvarez sería, sin dúbida, un protagonista das loitas galegas no agro deica perto de vinte anos despóis.

Radicalizado progresivamente a partires de 1910, en 1912 abandoa Madrid pra se instalar coa feligrésia de Beiro (Ourense) ó aceptala parroquial que lle ofrecera o bispo Ylundain logo do asasinato do último párroco. Iba ser nese mesmo ano cando, xunto cun fato de novos xornalistas e intelectuáis galegos, firma o «Manifesto da Liga de Acción Gallega». Nacía un xeito de face-los mítins quentes pola rebelión dos campesiños contra dos caciques e contra do réxime da pro-



piedade. Nacía un movemento permanentemente radicalizado onde o final revolucionario facíase presente.

Logo a represión, os cercos, a expulsión de Beiro... deica posicións perto do socialismo. Non moito tempo denantes dun novo gran viraxe na súa vida, coa chegada da dictadura de Primo de Rivera, despóis dunha sorte de relevos no mundo caciquil galego e da redención dos foros. Alvarez camiñaba cara ó conservadurismo en certas actitudes: Fillo predilecto de Ourense en 1928, o viaxe dos honores íase traducir na súa entrada nas filas do Partido Radical.

Quedaban, cicáis, un tanto atrás as imaxes dos seus mítins Carballeiro, Ribadavia, Gondomar, Ourense, Bande, A Estrada... «A nosa laboura —decía daquelas— é agora enteiramente negativa. Somentes queremos destruír, pro non temas que logo sustantivaremos o noso apostolado creando a política

de afirmación. Que non vos asuste nin vos estrañe ó ver unha sotana rebelde. Esta rebeldía atoparédela na Biblia e na obra inmensa dos Santos Pais». «A dor tanto tempo almaceada —engadía noutro intre— acumulóu en nosoutros enerxías eléctricas (...) Que veñan agora tempestades. Que veñan agora que somos raios, raios que falaremos ós catro rumbos, trágicamente si a elo nos empuxan, a sangue e lume si é preciso: ¡morran os caciques, abaixo os tiranos, viva a Galicia redimida!».

Cedo, a guerra do 36. O exilio. Con él un novo xiro, arxentino, enfrentado fóra ós vellos coñecidos... Escomenzaba a derradeira etapa da súa vida, á volta a facer dela unha loita desigual contra da miseria e da opresión, contra da longa noite escura do patriarcado caciquil.

10 de agosto: 1877-1977. As datas están próximas neste ano.

Logo dos seus derradeiros tro- nos dialécticos coma propagandista —fundamentalmente na Arxentina—, exiliado cando dos definitivos pistoletazos rachando na España do 37 e residente máis tarde na illa de Cuba, non iba saber o cura Basilio Alvarez da homaxe póstuma que lle rendían os homes do Centro Ourensán de Bós Aires namentras morría naquel Hospital de Tampa (Florida, USA) mediado xa o ano de 1943. Tampouco sabería do principal orador na ocasión, Alfonso R. Castelao, amigo seu e discutidor xeneroso.

*«¡Irmáns! ¡Irmáns gallegos!
¡Dende Ortegá ó Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrillar!*

*Que vexa a vila podre,
coveira da canalla,
a Aldea que traballa
disposta pra loitar.*

*Antes de ser escravos
¡irmáns, irmáns gallegos!
que corra a sangue a regos
dende a montana ó mar.*

*¡Ergámonos sin medo!
¡Que o lume da toxeira
envolva na fogueira
o pazo señorial!*

*Xa o fato de caciques,
ladróns e erexes, fuxe
ó redentor empuxe
da alma rexional.*

*Antes de ser escravos
¡irmáns, irmáns gallegos!
que corra a sangue a regos
dende a montana ó val.*

Tal viñan a cantar as masas campesiñas coma himnos dos labregos galegos. Na imaxe dos versos xurdía, teimosa, a imaxe do cura Basilio Alvarez.

Nado o 10 de agosto de 1877 e ordeado sacerdote, logo —dende moi novo— íase facer notar no Círculo Católico ourensán e ó traveso das páxinas do «El Heraldó Ga-

O noso colaborador FRANCISCO TAXES —bó pateador de vieiros e corredeiras— visitou hai algúns días a casa de EDUARDO PONDAL en Ponteceso. Alí, entre a ameaza da celulosa e a lembranza do autor do hino galego, escribiu as liñas que siguen. A redacción de TEI-MA entende que a aspereza do seu linguaxe —que non deixará de chocar a moita xente— é absolutamente precisa pró tratamento do tema.



TAXES

A casa de Pondal

Está alí, en PONTECESO, sobor do Allóns —que corre ribeira abaixo co verdor cinguido, suxeríndolle cantígas ós paxaros, cantandolle ó miragre que o contempra, ó queixume que vai deixando —ó pé da ponte, chuscando coma unha estrela incansable e branca, ollando o vir das augas, o marchar das augas que voltarán en chuvía, perto dos rumorosos, baixo os rumorosos, a carón dos rumorosos anterros e futuros, ollando, viravolteando a ollada sobor do Montebranco e Balarés, mais alá da insua de Laxe e Vilán,

pola costa verdescente,

á percura de Breogán na Fisterra dos Celtas gabadores do sol, no braso mais fondoso do mundo, mesmo arrentes do solpór...

«Xa están eiquí, xa veñen... Disque a van poñer...». Nun vento de medo guila a nova de anco en anco, polos árbores e polas tabernas, dende a escola hastra o pombal. Cálase o nome maldito coma o do mal indecible. A inomeabre chega coma un alude incontibel, caseque irremediabre, coma nos que xa coidabamos idos tempos do motorista i o infernos por dictatorial decisión. O soar dos barbaros cascos trema tuda a bisbarra da «jota» i o seseo, a da cantíga no acento i o idioma montuno. Xa están eiquí, na terra que o bardo soñara ceibe ós que nos tiveron corenta anos coa caluga na cabezalla; os que se quedaron co monte baldío i co traballo dos seus veciños. Os que tan ben viviron sempre, que foron monarquicos, republicans, feixistas i agora, ¿coma nón?, demócratas de toda a vida, nun miragre portentoso de mutación, de adaptación ó dedio tan sóio aparellabel ós aránidos ou ós reptiles. Ahí veñen, ofrecendolle morte ós labregos, ós mariñeiros que agardan coas mans abertas e limpas, confiadas; nús...

fillos dos nobres Celtas

istos son os de sempre, compañeiros, non vos esquezades. Sion aquiles das vellas costumes, das acolloantes costumes do «¿Ti sabes

quén son eu?», i sabíamolo mais tarde pola visita acharolada ou pola sanción inapelabel, coma se fora diviña. Cravarónlle coitelos de inxusticia, coitelos fexurentos e cobardes, coitelos poderosos, coitelos feixistas ó mais elemental dos dereitos, á mais sínxela queixa, á mais humilde protesta. Acalaron as súpricas cas trompetas triunfalistas, a razón cos hinos triunfaleros i a xusticia co TOP. Enxagoabannos as bágoas a pedradas dabannos os xantar coa emigración i curabannos os maes na coba de terra lenta.

Non des a esquecemento

Os que tiveron corenta anos pra facer todo o ben que non quixeron, veñen agora, encoruxados, con outro xeito de fame e morte, coa ani-

quilación total e definitiva, ausoluta. Ahí están, chamando á iñorancia que encubriron i fomentaron, os lobos arroupados de cordeiros. Son os mesmos lobos de sempre cas mesmas fouces de sempre, ca mesma surrisa de sempre. Volven a petarnos na porta amostrandonos a pata enfariñada, irmans, non abraades. Xa se acadeiraron ó redor da táboa pra estudar a nova táutica, pra pintá-la nova carozza, irmans, non abraades. Non abraades que non quedará un soio bisonte sobor da terra nin un soio peixe no seo do mar, nin un soio paxaro polos limpos ceos... Ahí veñen ca faciana galeguista os que aínda onte permanecían sentados entre o mesto fume dos habanos cando os novísimos, vendoads vir,



TAXES

...Que baixa co verdor cinguido

vieiros

**mais soio os iñorantes
e féridos e duros
imbéciles e escuros
non nos entenden, nos.**

—ós que agora tratan de meter aforza polas oficiñas dos diversos menisterios—, erguianse pra cantá-lo noso hino nos postres dos banquetes remollados co champán e a suos alleos. Cara acó veñen os eternos donos do que non é seu cos seus xoguetes de matar, cas suas alforxas pra encher sobor dos seus cabalos de Atila. Atilas todos; Atilas axeitados de apostoles cristianizadores a collóns, os de «isto e bon porque o digo eu, e non importa que vos nono queirades, probes iñorantes de merda, que cando a historia diga que tñades razón, xa estaremos mortos i os nosos fillos lonxe, mirando de foder a outra xente, tratando de esnaquizer outra terrax».

Sé por ti mesma libre d'indigna servidume.

Xurde o carraxe dos corazóns feridos. Rachan os aers os laios dun pobo asoballado. Dixeron non. Din non. Dirán non. Pro, aínda así, serán tumbados sobor da area, violados polos maricons de sempre, polos interpretes da regalmentacións vixentes, polos donos das leixes se non miramo-lo xeito da arrincarllas. Erguense das cuñas os mariñeiros da Costa da Morte —morte decote, morte compañeira— ante ista outra imposta por decreto. Non agardedes a piedá dos tiranos: transformádea en dereito irrenunciabre, voso, praos vosos fillos

galegos, sede fortes prontos ós grandes feitos

abatámos xa a istos corvos carroñentos que voan abraiantes sobor de nós, agochandonos do crarisco que palpabrexante escomenza a brilar, lene i velaiño, alá, na lonxana pranura. Non permitamos que nos deixen a Terra de tal xeito que nin a aquiles que gañan o pan no estranxeiro lles quede o consoo da volta. Que estamos chegando a un tempo no que calquer cousa pode acaecer.

**¡Desperta do teu sono
fogar de Breogán!**

—PROPAGANDA P.C. CARA O REFERENDUM
—As eleccións son outra cousa

Concluimos neste artigo o análise valorativo e técnico encetado a pasada semá encol das eleccións próximas a celebrarse e a incidencia que podan ter en Galicia.



YAÑEZ

Galicia e a lei electoral (II)

O sistema proporcional —supoñemos listas pechadas, que é o máis sinxelo— funciona do seguinte xeito: cada partido, coalición de partidos, grupo independente, etc. presenta a súa lista: a efectos electorais, as «listas» son os verdadeiros partidos.

Cada lista ten tantos candidatos coma deputados a elixir polo distrito, e numerados. Cada elector ten *un soio voto*, que lle dá a unha das listas. Os escanos repártense proporcionalmente ós votos sacados entre as listas. Dentro de cada unha delas, vanse atribuíndo asegún o lugar que se ocupa. Os derradeiros de cada lista poden estar seguros de non saír. Poñamos outro exemplo hipotético:

Na provincia da Coruña corresponde elixir —imaxinamos— 10 deputados. Cada partido ou bloque presenta unha lista de 10 candidatos. Supoñamos que os resultados son:

A.P.	10 %
P.P.-P.G.I.	30 %
P.P.G.	25 %
P.S.G.-aliados	20 %
P.S.O.E.	2 %
P.S.P.-F.S.D.	2 %
P.C.-aliados	9 %
Outros	2 %

O Congreso e o sistema proporcional

Polo reparto enteiro correspóndelles: á A.P. 1 escano, o P.P. 3, ó P.P.G. 2. ó P.S.G. 2. Como quedan aínda sen cubrir dous escanos hai que ter en conta os residuos, de xeito que o P.C. saca un deputado, e o P.P.G. chega a 3 sen ter acadado o 30 % dos votos.

Os votos dos partidos moi minoritarios son equivalentes ós votos nulos. O sistema proporcional ten unha corrección «infrínseca», dado polo fraccionamento do total de votos en tantas partes coma deputados a elixir. Este sistema é na práctica tanto menos proporcional cando menores son os distritos electorais. Un punto a ter en conta nas provincias de pouca poboación, polo tanto tamén en Galicia.

Podemos deducir xa algunhas regras de actuación prós partidos, suposto que o que pretenden é o máximo de escanos (que non é sempre verdade):

1ª.— Somentes necesitan coalizarse os partidos que non estean seguros de sacalos necesarios pra acadar 1 escano, o que corresponde a unha porcentaxe tanto máis elevada canto menor a provincia.

2ª.— Tamén teñen que ir en coalición os partidos que non estean seguros de sobrepasa-los mínimos correctores.

3ª.— Cando se roza a mínima fracción —ou a fracción enteira superior— pódense obte-los mes-

mos resultados ca chegando a ela, a espensas dos votos «despilfarrados». Isto representa en definitiva unha tentación perigosa, porque tais cálculos son aínda máis aleatorios cós moi aleatorios cálculos electorales «normais».

4ª.— Os partidos con boas posibilidades fan ben en ir separados, porque normalmente o electorado non «prima» á coalición; dous partidos xuntos sempre suman menos votos ca separados, por causa dos electores non incondicionais, contrarios ó plantexo da coalición.

Pasemos agora ó asunto das correccións. Estas consisten en que os partidos que non acaden un mí-

nimo determinado total, perden os escanos que lles poideran corresponder, que pasan a ser distribuídos entre os que superaron o mínimo. Esto ten dúas consecuencias:

1ª.— Os votos dados a estes partidos convírtense en votos prácticamente nulos. O reparto de escanos hai que facelo en razón das porcentaxes sobre dos votos eficaces, que son os que resultan de sustraer dos válidos os ineficaces, dos partidos que non pasaron do mínimo.

2ª.— O sistema proporcional permite —e aconsella, cando son moi diferentes as dimensións dos distritos, coma é este caso— alianzas de partidos variabeis asegún provincias. A corrección impón a identificación dos candidatos cun partido ou coalición, do mesmo ámbito que teña o mínimo corrector. Agora preséntanse dúas posibilidades:

Se o ámbito do mínimo é galego —o que representaría, de tódolos xeitos, unha importante concesión do Goberno— o efecto é que impediría alianzas de distinta amplitude asegún provincias. Imaxínemo-lo caso de dous partidos coaligabeis, que poidan esperar cada ún deles, unha porcentaxe homoxénea en toda Galicia do 15%. Se supoñemos que Coruña elixe 11 deputados, Pontevedra 8, Lugo 4 e Ourense 5, entón convíñalles ir separados nas dúas primeiras provincias, e xuntos nas menos pobladas. Coa co-

rección non sería posíbel: ou van xuntos nas catro, co que perden votos, «imaxe», e a posibilidade de medir esactamente a forza relativa. Ou separados nas catro, co que non sacan ningún deputado en Lugo nin Ourense.

Se o ámbito é estatal, o problema anterior agrávase enormemente. Ademáis descalifica ós partidos nacionais e rexionais. O problema obviaríase —aparentemente— mediante federación de partidos, que na maior parte dos casos xa están feitas. Pro, dado que a forza relativa dos partidos federados nos respectivos países é moi variábel, isto suporía un perigo pra partidos implantados, asociados a outros que non o están, ou con competencia forte. E o caso do P.S.C. e en parte do P.S.G. dentro da F.P.S.

O máis grave, de tódolos xeitos serían as coalicións. Porque tal como están as cousas, cada federación de partidos nacionais e rexionais non podería establece-la mesma alianza en cada país. Polo menos é de esperar que os sectores de oposición afectados por este problema consigan do P.S.O.E. e do E.D.C. do E.E., que non o están, unha actitude solidaria e enérxica, da que derivaría, sen a menor dúbida, a concesión do mínimo «regional».

E atopámonos así, dun salto, noutra das claves destas eleccións, á que xa aludíramos no principio, ó falar de partidos con «padriños» europeos.

O PSOE, apoiado pola Internacional Socialista, que goberna na metade de Europa, e os demócrata-cristiáns, apoiados polos gobernos da outra metade, teñen a chave da Reforma política. Dito dun xeito un tanto rudo: haberá eleccións sempre que algunha destas forzas —unha sería de abondo— non diga que non. O goberno mesmo pode xogar ca ventaxa que estes dous teñen a ben consentirille.

Canto máis pase o tempo, e avance a Reforma, menos lle pode ofrece-lo goberno a estes partidos, e máis lles ten que pedir. Na primeira fase estaban as Cortes, e o Bunker coma coartada legal. Despois do Referéndum, o goberno ten as mans ceibas, e cada vez menos coartada. O Referéndum mesmo tiña que ser gañado por métodos franquistas, igual cá Lei foi aprobada por métodos franquistas nas Cortes. (Procedemento de urxencia, presidente nomeado o dedo, claro dominio polo goberno da dinámica «parlamentaria», etc.). Agora as cousas preséntanse doutro xeito.

Aínda que esto esixe unha análise máis fonda, que faremos noutro capítulo desta serie, compre ter claro que o obxectivo político da Reforma é implantar unha democracia «á española» tal que:

- a) Permita o ingreso, como membro de pleno dereito, na C.E.E.
- b) Garantice o «pacto social», é dicir, a conservación do poder político pola dereita, mantendo dentro do xogo a unha esquerda *leal*.

O erro de Arias foi coidar que unha «democracia á española» podería cumprir estas dúas condicións sendo, nada máis, un franquismo reformado.

A liña coherente de Suárez consiste en darse de conta de que o carácter «español» do reformismo non reside no resultado, que debe ser realmente «homologábel» ós sistemas europeos, senón no viero pra chegar a él. O proceso caracterízase formalmente, polo respecto á legalidade vixente. Pro eso sé, en realidade, unha coartada, que cando non interesa non se compre: velaí o caso do «ilegal» PSOE, e tantos ilegais máis. O seu verdadeiro contido estriba nun trato *discriminado, pro medido*, ás distintas forzas, de xeito que ningunha deixe de facerse auga na boca, que todas vaian tomando parte no xogo, pro consolidándose e tomando posicións por «orde de lista»: é dicir, polo grado de proximidade ós obxectivos marcados.

Esto implica desfacer sen traumas o aparello do franquismo institucional, reciclando ó persoal reciclábel, ó tempo que se lles vai pasando o relevo, con sumo coidado, ás forzas máis capaces a estabilizala nova situación.

A posición de Galicia en todo isto, como consecuencia da súa marginación é inda máis complexa. O verdadeiramente esencial é comprender que no xogo que se está xa a xogar, ninguén pode face-lo que «lle dá a gaña». Hai pois auténticas regras. Dos actores principais (Goberno e oposición «respetábel») ningún ten un interés, polo menos prioritario, no desenrolo de Galicia. E nembargantes, Galicia ten «chance», precisamente porque ninguén, nin siquiera os actores principais de común acordo, está en condicións de operar sen «cubrirse as costas».



—ADRIO, CON TIERNO
—Cobertura nacional e estatal

Os influíntes

Andamos aínda na saga dos **influíntes**, cativos supermáns de provincia que todo o poden. Xa poden, xa, facer da súa peneira a máis sofisticada técnica co tempo que levan de oficio. Homes consagrados ó seu, non se lles escapa o máis livián curruncho, nin o dos bombeiros da Coruña.

Porque, seica, cen mil pesos lle custou ó noso home entrar na plantilla do corpo do Parque de Bombeiros do Concello de A Coruña. Recén chegado do estranxeiro, o emigrante foi dereito ós **influíntes** por ver de atopalo choio. E atopóuno.

Influínte: ¿o oficio máis vello do mundo?

A pegatina máis testán

Despóis de lle lanzar un comunicado-ultimátum ós seus delegados no Estado, o cumio de Reforma Social Española pasou de inmediato á provisión dos seus militantes. Poucos días ían pasar pra que, na nosa terra, os homes de Cantarero recibiran o paquete: miles de autoadhesivos transparentes, nun xeito de calcomanía, chegaban ás súas mans. De alí, dous minutos, ás fiestras e escaparates das rúas. Rabudas pegatinas as de RSE: horas pasou un redactor de TEIMA pra sacar unha do seu coche. Rasca que lle rasca, ó final cáseque queda sin parabrisas. Duras son, está ben, pro non tanto. Claro que, ó millor, tampouco vai ser cousa dunha cintiña na pegatina: «**Pra sacar, tírese de eiquí**».

Camiñando os tempos nesta sorte de pre-democracia, a guerrilla das pegatinas cobra un novo xeito.



..... Paisanos

Casares, escritor

Carlos Casares é, antes que nada, escritor. Logo, como cadaquén, leva as ideas no peto, naturalmente. Pouco amigo de militancias. Amigo de falar cos amigos, de darlle voltas e voltas ós temas, ás cuestións «trascendentes» e ás outras, ás de andar pola casa. Amigo

da tertulia e os falares. Amigo das historias (persoáis e das outras) que na súa verba dan voltas, recréanse e, de tan magníficas, de tan increíbeis ás veces, xa ninguén pode decir se pasaron de certo ou son somentes «mundos máxicos» do maxín quente.

fiadeiro

Casares síntese socialista. Pro non belixerante nin militante. Polo menos a militancia enténdea moi ó seu xeito. E «home de base». O seu son os libros, a vida máis mansa do que a realidade do país ofrece acotío. Cando a tensión medra e reborda o termómetro de cadaquén, cando as liortas, pelexas, maledicencias, etc, que tanto medran na nosa terra e, sobor de todo, antre políticos e intelectuais, cando ún está a piques de perde-la pouca serenidade que lle queda... o Casares colle o avión pra Suecia e, dende alí, escríbenos un longo discurso encol dos suecos. Non está nada mal pra cura-la saúde tódolos anos.

Siro dibuxou a Casares coa barba na man, un pouco coma de quita e pon. Pro ja modo coas interpretacións!, Carlos non é nin camaleón nin chaquetero. Moi novo coñeceu as tertulias de Ramón Piñeiro, os grupos dos galeguistas, e dende aquela está onde está: no galeguismo, cos seus libros, coa súa capacidade de imaxinación e creación de mundos, cos seus premios, as súas novelas, os seus traballos de investigación e o seu instituto de Cangas. Eso polo de agora, porque hai quen di que non vai parar ahí a cousa. (Anque, eso sí, sen militancias.

«A vida non é soio política»). O peor é que nola politizan, Carlíños.

CAITANO, POR XAQUIN MARIN



XOGAR


Máis cruces de palabras

Denantes que outra cousa, ahí teñen a solución ó crucillado que se publicou no anterior número.



Aquí teñen outro, cecáis un pouquiño máis complicado cós anteriores. O premio ó publicado no número cinco —disculpen a tardanza— correspóndelle a F. Varela Carid, con domicilio na rúa Rosalía de Castro, 37-5º dereita. Cando o desexe pode pasar a recolle-los seus dez litros de viño do Ulla.

Nos próximos números de TEIMA encetaremos a inclusión de xeroglíficos e xogos de palabras no noso idioma. Vaian entrenando os miolos.



HORIZONTAIS:

1.— Levante, eleve. Animáis de tiro. 2.— Touciño. Escura. 3.— O revés, metal. Entrego. Pronome persoal. 4.— Ergueito, irto. Dóces, suaves. Río de Courel. 5.— Afluente do Ulla. Terras no medio do mar. As-trévase. 6.— Consonantes de «está». Carneiro novo. O revés, cimbro, parte máis alta dun monte. 7.— Esta revista. Ademán, sinal. 8.— Corno. Crónica dun ano, na linguaxe antiga.

VERTICAIS:

1.— Antipopular. 2.— Batracio anuro. Demostrativo. 3.— Moi voluminoso. O revés, pronome persoal. 4.— Terreo diante dunha igrexa. Dona. 5.— Conxunción. Desinencia de diminutivo. 6.— Organo da vista. 7.— Pronome persoal. 8.— Contracción. 9.— Entrégase. 10.— Vila galega. Repetido, nai. 11.— Barco mediano prá pesca costeira. Vexetal acuático. 12.— Conxunción. Dan luz, brillan. 13.— Tesos. En a. 14.— O revés, xogo de azar.

OUVIR

«Metáfora» (A Coruña): música a trintecinco pesetas

Perto da mar (praia do Orzán, en A Coruña) e acochado nun garaxe está Metáfora, pra escoitar un pouco de música boa. Dende pola tardiña hastra eso da primeira hora da madrugada, xente moza fala das súas cousas e deixa durmi-los seus sonos. No local, pequeno e tranquilo, estáse cómodo, xa que non é moita a xente que por alí se senta.

Alguns cadros e uns tapices son toda a decoración, pro tampouco é moita a que se precisa, que a música, que é o que alí se vende; entra polos ouvidos.

Un dos atractivos maiores deste local son as sesións monográficas que se van adicando ás músicas que se están a facer polo mundo adiante. E un dos poucos locais onde pode escoitarse música celta. Teñen, tamén, unha boa fartura de discos non editados no estado.

Os precios van das 35 pesetas pró norte.

XANTAR

«Itxaso»: cociña vasca en Vigo

Se vostede é amante da boa cociña caseira, se lle gustan unhas albóndigas ou unhas gambas ben preparadas, e se ademais lle caen simpáticos os vascos, está tardando xa en ir ó «Itxaso». «Itxaso» é un restaurante do Berbés que podería desempeñar perfectamente o papel de embaixada gastronómica de Euzkadi en Galicia. A pesares de

seren galegas as cociñeiras, no «Itxaso» —o apelido do dono, presumiblemente— poden atoparse boa parte das especialidades que fan da cociña vasca unha das mellores —senón a mellor— entre tódalas da península.

Os precios non se subiron aínda á parra, e sempre hai a posibilidade de coincidir con media ducia de rudos mariñeiros pra entona-lo «Desde Santurce a Bilbao». Frente por fronte do mercado do Berbés.

BEBER

Toxo, prós executivos

Co tempo, vaia, ás zarras descoñecidas e ós montes do Faro —por poñer un exemplo, con tanto toxo rabudo coma levan— vanlle chamar plantacións coma se de opio se falara.

—¿E vostede en qué traballa?— preguntaránlle a máis de ún.

—Pois xa ve, eu na miña plantación...

Logo virán os impostos e xa me dirá. O caso é que, nunhas semás, máis de dúas esmorgas van asumir novas perspectivas coa chegada esa do chamado «licor de toxo», que se está a fabricar nunha factoría de Xubia, perto de O Ferrol.

Foron nove meses de cavilacións e máis de catro trallas —borrachei-

ra da capital— a conta dos químicos que tiveron que misturar, probar e misturar hastra chegar ó que chegaron: un certo sabor a güisqui e potencia de caña brava.

Chegaran, hai anos xa, o Nitrato de Chile e máilo Sulfato —o «mineral»— ás nosas terras por un ver de lle dar nos ollos ó mesmo toxo. E déronlle. Cos tempos, o abono de nova planta sacáballe o emprego e botaba á toxeira nun claro exemplar de esilio.

Agora, home, ninguén lle pode negar capacidade de reacción ó toxo dende que vai, asubía ventos nas químicas de Xubia e chega de novo oficio, borrachín caro cheirando a cousa fina. Porque, seica, van vi-las botellas con precio de «importación».

O toxo, bebida de executivo. E nacional.



ARTURO DELGADO

TEIMA CULTURAL

A canción vasca é practicamente descoñecida en Galicia. Sen embargo, a súa historia e as súas experiencias, atrancos e conquistas son unha mostra viva e activa do rexurdimento dun pobo e unha cultura asoballadas. Pola súa semellanza co noso país, a pesares do diante que van de nós, X. SARCEDA CASTRO proponos un viaxe descubridor pola música e máilos cantantes de Euzkadi.

Euzkadi:

Cantantes pra un pobo

Viaxe pola canción vasca

Foi alí polo ano 1920 cando a cultura vasca escomenza o seu florecemento debido, en certo modo, ás Diputacións. Un personaxe, o Padre Resurrección María de Azkue, veu darlle un grande pulo a música popular recollendo de pobo en pobo moitas cancións: unhas 1.800 en total. Logo, no 1922, sae do prelo o «Cancioneiro Popular do País Vasco» no que se inclúen 1.001 cancións das anteditas. O Padre Donostia, asemade, é outro dos que por esas datas se adica á recolleita das cancións populares.

Estes cancioneros, máis outros de séculos pasados, van se-la fonte

onde beben os cantantes de agora. Os primeiros discos, tanto de Lurdes IRIONDO coma de Antton VALVERDE, están adicados por enteiro ás cancións tradicionáis. A formación (fai deste cáseque once anos) do grupo «Ez dok Amairu» («non hai trece») responderá a esa mesma idea: dar a coñece-la música popular vasca. Máis adiante, Gorka KNORR escomenza revivindo tamén os vellos romances alaveses e OSKAREI definiráse coma unha coral situada na mesma liña: eisí o dín na presentación dun dos seus LPs: «Un pobo non se racha, non, en mil anos, se estreita nas súas

mans o fio dos seus antergos». Outra serie de grupos como ARGIA, por exemplo, fan ó mesmo tempo un labor de recolleita e redescubrimiento dos instrumentos populares, danzas, etc. Os cantantes máis avanzados Mikel LABOA, Xabier LETE e Benito LERTXUNDI adícanse ademáis a compor cancións propias. Hoxe fano xa cáseque todos.

TRABALLAR XUNTOS

O traballo de todos eles ven da man da loita pola normalización dunha cultura: a cultura nacional vasca. Esto conleva moitos atran-

cos coa Administración: multas, prohibicións, etc, e, asemade, ameazas de todo tipo polos grupos ultradereitistas que no País Vasco abundan e gozan de moitas «facilidades».

Arredor do ano 1966, coa imaxe do movemento catalán «SEZTE JUTGES», nace no País Vasco, coma xa dixen, o grupo «Ez dok Amairu», formado por Mikel LABOA, Benito LERTXUNDI, Lurdes IRIONDO, Xabier LETE, os irmáns ARZE, IRIGARAI, Jose-Mari ZABALA... Nos catro primeiros anos adícanse, como grupo, a dar recitáis ó traveso de todo o País. Despois montan o espectáculo «BAGA, BIGA, HIGA» (o nome é o dunha canción de Mikel Laboa que ten como base un xogo de verbas), espectáculo que escomenza e remata cunha danza da zona de Baztan. O grupo definíao deste xeito: «A base do noso grupo é a canción-música-instrumentos populares. O afondarmos nesta expresión xorde a necesidade de colaboración e arensión doutras formas artísticas, que escomenzan polas máis afíns á básica denantes nomeada como a danza, poesía, teatro, etc». Mantiveron o espectáculo dous anos nos que recorreron Euzkadi enteiro. O que non se chegou foi á grabación do disco.

O desfacerse «Ez dok Amairu», algúns dos seus compoñentes, Xabier LETE e Benito LERTXUNDI concretamente, xunto con cantantes do Euzkadi—Norte, conciben aló outro espectáculo semellante ó «Baga, biga, higa»: o «ZAZPIRIBAI».

Eiquí Antton VALVERDE, Julen LEKUDONA e Xabier LETE forman o espectáculo «BERTSO ZAHARRAK» que será logo o nome do disco grabado en conxunto. O bo do espectáculo e do disco é a labouira de recolleita de cancións tradicionáis e os poemas de XENPELAR e TXIRRITA, clásicos dos cancioneros vascos e doutros romances anónimos. Atópase ún cunha música cicáis moi primitiva e sinxela, sóio cunha guirarra, mais coído que pra aqueles tempos xa era dabondo dadas as dificultades de

XABIER LETE

Kantatzera noazu...



todo tipo e o feito de seren xente, cáseque toda ela, sen coñecementos musicáis.

Máis recentemente tres expoñentes de «Ez dok Amairu», Mikel LABOA, Joxanton ARZE e Jexux ARZE montaron «KIMILIKILIKILK», espectáculo escénico baseado na canión e máis no recitado, espectáculo dunha profunda intensidade expresiva que agora está a ser traducido ó galego cara á súa representación no noso país.

RECITAIS E CASAS DISCOGRAFICAS

O longo destes anos o único xeito de comunicación dos cantantes co seu pobo foron os recitáis que, da mesma maneira ca en Galicia, tiveron moitísimos atrancos. Houbo anos, como o de 1970 (o do Consello de Guerra de Burgos), 1971, 1972, nos que as prohibicións impediron cáseque tódolos recitáis. sóio dende finais do ano 1974 e principios de 1975 as cousas cambiaron un pouco e as actuacións aumentaron en bo número. Dábanse onde cadraba: nos teatros, cines, prazas dos pobos, etc., procurando sempre un contacto o máis directo coa súa xente.

O ano 1976 será o ano dos grandes festiváis, que serven de marco pra expresión tamén dos seus sentimentos políticos. Será tamén o ano dos GALEUZKAS, festiváis onde tres das nacións do Estado Español, Catalunya, Galicia e Euzkadí, maniféstanse máis abertamente. Foi, igualmente, o ano das grabacións, a pesares de ter unhas casas discográficas con poucos medios.

HERRI GOGOÁ é a casa editora e grabadora de discos de certa im-

portancia. As súas primeiras grabacións son do 68. Hastra entón os cantantes tiñan que grabar en Barcelona, pois as tiradas no País Vasco, ó seren pequenas, resultaban moi caras. No 1974 nace outra casa editora, ARTEZI, cun capital aportado a base de pequenas cantidades por intelectuáis e cantantes. Outra casa chámase CINSÁ. E, agora, MOVIEPLAY creou, no País, unha sección, KARDANTZA, prós cantantes vascos exclusivamente.

Durante todo o ano 1976 grabaron Maite IDIRIN, ERROBI, Fernando UNSAIN, o grupo KOXKA, Gorka KNORR, Antton VALVERDE, Xabier LETE, OSKARBI, URKO...A característica de tódolos cantantes do País Vasco é o seu forte nacionalismo, polo que non existen «pelexas» entre eles. Hai sóio dúas excepcións: os grupos OSKORRI, de Bilbao, e LANTZALE, de Vitoria, son considerados do Movemento Comunista de Euzkadí e, polo tanto, «españolistas», o que os leva a estar marxinaados e boicoteados polos restantes cantantes «abertzales» (patriotas).

A Cultura Vasca e polo tanto a canción medra día a día. As manifestacións culturais da man das ikastolas, centros, culturais, asociacións de veciños, etc., que loitan pola normalización cultural e política de Euzkadí fan que a actividade non decaiga o máis mínimo. Unha chata grande pode ser, cicáis, a falla de difusión da súa cultura ó traveso do Estado Español, mais esto leva camiño de se arranxar.

CANCIONS PROS NENOS

Os nenos vascos non están tan descoidados coma os galegos; a proba son eses 50 mil nenos esco-

lizados polas ikastolas. Mais hai algo que falla ou cóidase moi pouco: os medios audiovisuáis. Estes son, pró neno, a «fiestra anticipada» aberta ó mundo. O traveso dunha TV totalmente en castelán (sálvase sóio o programa Euskalerría, anque non do aburrimiento) e dos discos de contos tamén en castelán, o neno vasco atópase sóio diante dos instrumentos que percuran a súa desculturización.

Diante desto, os vascos souberon da-la súa resposta: crear contos, cancións, teatro, marionetas vascas. Polo que se refire á música, teñen hoxe xa unha discografía infantil. Un disco LP preparado por Lurdes Iriondo coa axuda dos ensinantes e nenos da ikastola de Ur-

nieta: O disco ten dous contos populares vascos: «Mateo Txistu» e «Maripetralinx Lamiña» cos arranxos musicáis e efectos sonoros de Antton Valverde.

Outro disco é o do grupo teatral Xaribari, «Txanogorritxu», que é unha recreación dende a mentalidade e máilo estilo vasco do conto popular de Caperucita Roxa. A última novidade xa é o disco que fixeron os paisos vascos Kixki-Mixki-Kaxkamelon, onde contan as historias millores do seu repertorio cantando cancións populares infantís como «Paristik natorren», «Tudelako astoa» e «Behin joan merkatura». O camiño é longo, máis é unha tarefa obrigada pra acadaren a normalización lingüística e cultural. ♦

Guía discográfica vasca

X.S.C.

Mikel Laboa. BAT-HIRU. **Album dobre.**

Mikel Laboa é o cantante máis preparado do país vasco. Este LP xa tiña de estar distribuído tamén eiquí. Atopamos temas populares, poemas de J. A. Arze e algúns propios. O tema «**Gernika**» é cicáis o máis logrado, cunha voz que canta, berra, dóese... Un tema dos millores, que escotéi en directo e chega a crear un alto clima de tensión. Refírese ó bombardeo de Gernika. Na mesma liña vai o tema «**Leke-tio 2**». Música que lembra moito os experimentos vocálicos e psicolóxicos de Roy Hart.

Xabier Lete. XABIER LETE
KANTATZERA NOAZU...

Xabier é un bo músico, máis sobor de todo é un gran poeta da canción vasca. Nel conxúgase o bo xeito das súas composicións e unha grande expresividade interpretativa. Cancións como «**Kontrapas**», «**Nafarroa, arraopa**»... son coreadas polos asistentes ós seus recitáis dada a forza con que preñeron no pobo vasco.

Benito Lertxundi. ORO LAÑO MEE BATEK...
ETA MAITA HERRIA, UKEN DERADAN PLAZERA

Lertxundi é hoxe o cantante que ten maior número de discos grabados. O seu interese polos temas tradicionais foi sempre moi grande. Cicáis musicalmente sexa un pouco monótono. A base do seu acompañamento é a súa guitarra e máila súa armónica axudado de cando en vez por un violonchelo ou unha flauta.

Gorka Knorr. ARABA KANTARI
NIK NAHI DUDANA

Describe Knorr no seu último LP a situación do pobo vasco con exemplos poéticos de pombas, melros, etc. E un cantante dos máis novos e unha das maiores promesas.

Lurdes Iriondo. LURDES IRIONDO

Unha muller que ten xa tres LP na rúa, aínda que cicáis somentes este último sexa audíbel debido á forte monotonía e mesmo á falla de calidade dos anteriores. O último está moito máis traballado e a súa voz soa moi limpa, cunha grande serenidade. Os arranxos tamén están moito máis logrados. E doado agoirarlle un futuro brillante.

Txomin Artola. OLATXA

Disco adicado ó pobo pescador vasco. Traballo dabondo ben feito e cunha forte carga saudosa que suliña o emprego do acordeón.

Outros discos de interese son **Urko, SAKONKI: Pantxoa ta Peio, PANTXOA TA PEIO: Fernando Unsain, NERE AITAREN ETXEAN DEFENDITUKO DUT: Elder, EGUBERRI ABESTIAK: Oskarbi, OLENTXERO (Album dobre); Lete-Valverde, TXIRRITAREN BERTSOAK (Album dobre); Ortadar, EKIALDETIK KANTUZ ETA DOIÑUZ: Oskorri, GABRIEL ARESTIREN OROIMENEZ.** Outro día faremos deles.



YANEZ

XOAN BOUZADA, sociólogo, ven traballando dende hai tempo no libro galego, no fenómeno do libro galego na súa dimensión comercial, cultural, social, mesmo política. O que escomezou sendo unha tesina de licenciatura trocouse ó cabo do tempo nun traballo máis cobizoso e abranguedor da realidade galega no que interveñen tamén MARIA XOSE QUEIZAN e VIRXILIO RODRIGUEZ, escritora e promotor libreiro respectivamente. TEIMA/CULTURA falou de libros galegos con Bouzada nun pequeno achegamento ó tema e agardando resultados concretos deste traballo.

Encol do libro galego

(conversa con Xoán Bouzada)

«Hai fallas de tipo estrutural que compre resolver agora»

Dende ahí máis de tres anos MANUEL LOURENZO ven traballando, recollendo material de aquí e de alí, cunha morea de fichas enriba da mesa, no que poderá ser unha «*Historia do Teatro Galego*», unha historia que compre, que fai falla, pola dimensión que na nosa cultura ten o feito teatral, dende as manifestacións *pre* ou *para*-teatrais do noso folclore (recoñecidas por uns e por outros non) hasta as novas manifestacións, pasando polas representacións das «*Irmandades da fala*», as experiencias na Arxentina, o teatro literario, o fenómeno das «mostras», etc,etc. Longa historia e moito traballo.

O mesmo Manuel Lourenzo prepara agora a edición de «*Viaxe ó país de ningures*» en Galaxia, premio O FACHO en 1975, e dúas ou tres obras máis prá colección de teatro de PICO SACRO. Xa vai sendo hora, porque as nosas editoriais teñen no teatro e na poesía (cousas das modas literarias) os puntos negros da produción. A rentabilidade é a rentabilidade. Un exemplo: o da editorial JUCAR, que anque non é galega ten publicado algunha cousa en galego, pro que se pasa agora con toda a «impedimenta» ó libro político. «*Son cuestións de oportunismo, de venda, supoño* —di quen deica agora foi o seu

O remuíño

XAVIER MARIÑO

director literario, José Caballero Bonald—. *A literatura parece que está absolutamente fóra dos intereses do lector corrente*».

O fenómeno é característico dos tempos de crise: a grande inflación do ensaio, o tema político, etc. SEPT, por exemplo encargoulle ó profesor CARLOS BALIÑAS a edición dunha escolma representativa do pensamento e doutrina política dos homes da XENERACION NOS. XISTRAL ten preparada xa unha nova colección de CUADERNOS DE INFORMACION RURAL do que o primeiro título, se cadra, xa estará fora no intre de se publica-lo noso remuíño: NOVA CUOTA EMPRESARIAL. E o escritor coruñés MARINO DONEGA prepara o libro do «*Día das letras galegas*» deste ano prá editorial GALAXIA: unha biografía de VILLAR PONTE na colección «*Concencia de Galicia*» que se inaugurou hai uns meses co MURGUIA de VICENTE RISCO e dende aquela está parada, a pesares dos títulos que se anunciaban.

A biografía que prepara Marino Dónega vai seguida dunha escolma representativa do traballo pe-

riodístico e o pensamento doutrinario do fundador das «*Irmandades da fala*». Moi ben. Pro, ¿por qué non a reedición este ano de «*PENSAMENTO E SEMENTEIRA*», longa escolma do escritor de Viveiro, editada en Buenos Aires polo Centro Galego co subtítulo de «*Leicións de patriotismo galego*»? E moi posíbel que non houbera atrancos oficiais, e as páxinas periodísticas do Villar Ponte veñen cheas, ó cabo do tempo, de actualidade e reencontros coa historia.

Xa no eido da novela, CASTRELOS prepara unha nova importante, (eso din, polo menos, os seus editores): «*Dos anxos e dos mortos*», primeiro traballo de REI BALLESTEROS, prá colección «*Pombal*». A novela desenrólase arredor da Universidade de Santiago, pro non se trata dunha «estudiantina» máis, coidadiño. Polo demáis, pra falar tamén do disco, XOSE MANUEL CONDE ten nestes intres, enriba da súa mesa, o contrato pra grabar un álbum en «*Zafiro*». Pro nin se sabe máis. A canción galega é rentábel prás casas discográficas de Madrid. Aínda menos mal.

«O libro, de seu, é todo un símbolo de cultura. Un símbolo que vai moito máis aló de produto, que ten raíces históricas por unha banda e socio-económicas e políticas no presenta por outra. No noso caso o libro galego (a súa peripecia) é a imaxe da loita por resistir primeiro, nos anos máis difíceis, e logo polo rexurdimento».

O seu traballo levou a Bouzada a recorrer librerías, asociacións culturais, entrevistar a escritores, discutir con distribuidores, cheirar nos papéis comerciais das editoriais. Fálase, nos últimos tempos, mesmo dun certo «boom» do libro galego. Velahí as últimas feiras do libro de A Coruña e Vigo, o pasado ano, onde o libro na nosa lingua foi sempre de primeiro nas vendas...

«De certo o libro galego vende-se. E véndese ben, ademáis. ¿Se é rentábel? Ese xa che é outro conto —di Bouzada cos números enriba da mesa—. ¿Por qué non é economicamente rentábel o libro galego cando está demostrado que se vende ben e escomezan a ser importantes as tiradas? Eu falaría claramente de fallas e problemas de tipo estrutural nas editoriais galegas, editoriais que teñen a súa dinámica histórica, a mesma dinámica histórica do país e a nosa sociedade, que veñen arrastrando lastres e problemas».



YÁÑEZ

REPLANTEXA-LA POLÍTICA EDITORIAL

Compre logo ir cara un replantexamento a fondo da política editorial en Galicia. «Efectivamente, é moi importante. As editoriais teñen que se decatar de que se o libro se vende, se as tiradas son grandes, esto esixe un plantexamento a fondo da promoción, produción e comercialización do produto. Cousa que non se está a facer. As cousas claras. Agora ben, repito que a culpa non é tanto das editoriais coma da estrutura do país, que ven arrastrando problemas que as editoriais (algunha delas cunha loita heroica no seu currículo) herdán. Compre resolver eses problemas agora, porque estamos no millor intre pra facelo. Son problemas de planificación industrial, moderna das nosas editoriais pensando na promoción verdadeira, venda, distribución, etc., dun produto: o libro. Isto non se fai. Síquese a facer libros e a vendelos como hai 40 anos. E isto é moi grave. A realidade esixe unha modernización urxente, dinámica».

Os escritores quíxanse de que a creación vai a menos, que os editores non están interesados pola creación. «E é certo. Pero isto non

é cousa somentes do libro galego, senón do libro en xeral, dos tempos que vivimos. Os temas siguen tamén o proceso histórico de Galicia. Hai quince anos ou vinte eiquí non había economistas que analizaran axeitadamente a nosa realidade. Agora hainos. E o país quere coñecer-la análise do seu futuro, dos seus problemas, da realidade concreta. O ensaio (económico e político, sobor de todo) ten primacía absoluta pra todos. Por outra banda, tamén é certo que a narración sigue vendéndose ben. Os clásicos están xa estabilizados coma noutras literaturas. Teñen o seu cliente fixo».

¿QUEN MERCA O LIBRO GALEGO?

Referímonos a qué sector social merca libros galegos. «Podo falar, coas enquisas feitas na man, que é moi variado. Se falamos de edades haberá que distinguir dous sectores: un máis vello, das xentes que viviron outros tempos, que permaneceron fiéis á súa cultura a pesares de tantos atrancos. E logo as xeneracións novas, que a partires dos anos 68, 69, 70 adquiren cada vez máis importancia».

Falamos de sectores sociáis.

«Pois sí. Moi variados. Se facemos cifras absolutas, en primeiro termo van os estudantes cicáis, pro hai moito obreiro sensibilizado, inqueda, que se achega ó libro galego como cliente fixo. Hai tamén unha clase de profesionáis medios que cada día é maior. E logo están os campesiños, que nin mercan libro galego nin mercan libro ningún».

O LIBRO MAIS VENDIDO

O libro máis vendido é «O catecismo do labrego», de Lamas Carvajal, na edición de Castrelos, na colección «O moucho». E cicáis a colección máis popular a nivel de consumo e foi un dos contadísimos títulos galegos que chegou realmente ó campo. «Algún outro máis da mesma colección hai, pro poucos. Falar do campesiño como posible lector, reborda completamente os plantexamentos culturais; entra nos políticos. ¿Cómo entró este libro, por exemplo? O traveso das librerías dende logo que non. Foi ó traveso das Asociacións Culturáis alí onde houbo, ou da man da xente que se achegaba ó campo, ás feiras, etc, levando o libriño galego como ferramenta culturizadora, sensibilizadora, cáseque de reconquista».

O papel das Asociacións Culturáis é fundamental na historia da cultura e do libro galego. Os rapaces que levaban o libro pola rúa, polas prazas, pola parroquia, aproveitando a feira, o «*Día das Letras Galegas*», o que fora. «O libro galego loitou, coma nosa cultura contra tódalas mareas, contra tódalas correntes e costa arriba, cáseque de man en man». Os primeiros homes de Galaxia, por exemplo, contan sempre os tempos nos que fan libreiro por libreiro pedindo a esmola de que lles tiveran alí, nun curruncho do establecemento, tres libros, en depósito, a ver se alguén os mercaba.

COMPRE DAR UN PASO IMPORTANTE

«Eses tempos pasaron, sen embargo, e agora compre dar un paso importante, que nos poña o día. Eiquí teñen moito que decilas editoriais». Falóuse tamén, máis dunha vez, da necesidade dun *Congreso do Libro Galego*, que axuntara a editores, libreiros, distribuidores, animadores culturais, etc., a falar de todos estes temas. Hoxe poderíamos falar mesmo dunha política editorial provinciana e pequeña, anque os problemas son moitos e os atrancos non sempre están á vista. «Ese Congreso podería ser un paso importante, sí».

No traballo de Bouzada-Queizán-Virxilio Rodríguez hai un capítulo que medra cada día e está por rematar: o papel das Asociacións e máilos chamados «animadores culturais». Hai un libreiro novo moi perto desa imaxe de «animador cultural». «Haino —dí Bouzada—, pro aínda pouco definido. Aquel libreiro que era guía do lector, que traballaba na rebotica, na tertulia, como as famosas tertulias da Cova Céltica, desapareceu, levóuno a Historia e tampouco vai volver. Agora ben, é certo que existe un novo libreiro un home que escomenza a entender que non se trata de ter un almacén, coma quen ten un ultramarinos. Un libreiro que se prantexa a librería como centro de cultura, tertulia, animación cultural, proxectándoa mesmo fóra do local, en conferencias, en iniciativas, mesmo levando o libro ás feiras, ás festas... Hainos, anque non moitos e, isto é esperanzador, son os máis novos. Neles ten que se apoiar, entre outras moitas cousas unha política do libro no noso país».

EMIGRADOS CON «TEIMA»

«Teño nas miñas máns unha revista TEIMA de vosa publicación e penso que é un traballo moi dino e axeitado pra unha Galicia máis galega. Eu, que son un emigrante desa terra en Euzcadi, desexo facerme suscriptor de TEIMA por un ano acolléndome á modalidade de pago que me indiquedes».

Manoel Calvo Caamaño
Estrada de Zubiría, 1-6º A
BILBAO-14

«Penso que TEIMA non é soio a exposición da problemática galega sinón tamén o comenzo de todo o que nos fai falla. Penso, pois, que TEIMA ten que ser pra nos moito máis que unha revista».

Xosé Franco Lixó
BARCELONA

«En primer lugar le felicito, señor director, por el magnífico enfoque de la revista TEIMA. Solo he podido leer el número 2, ya que el primero no lo he encontrado. Me avergüenza no poder hablar gallego, lo entiendo bien, tanto escrito como hablado, pero yo no consigo hablarlo. (...) Les felicito otra vez, y quiero darles ánimos para que no desfallezcan y consigan una muy buena revista en la lengua de Rosalía y Castela. Muchas gracias por editarla».

Esteban García
Pescadores, 5
MADRID-17

«A revista é boa, anque susceptible de melloras, e neste aspecto teño que discrepar doutras opinións que sinalan unha maior sinxeleza idiomática pra que cheque ao pobo que fala pero non lé. Sen ánimo de polémica, na miña opinión TEIMA, con outras publicacións, debe de coidar máis e mellor a verdadeira lingua na súa forma escrita, pois é evidente que se mistura excesivo castelán. (...) Eiquí, en Catalunya, tamén teñen problemas, e as súas campañas sobor da pureza da lingua chegan a tódolos extremos. (...) Xente xoven compón a redacción da revista, e nela temos que fiare pra seguir adiante».

Guillermo Barreiro
Filipinas, 2-1º-1ª.—Cornellá
BARCELONA

«Teño a certeza de que TEIMA vaía a pegar dentro e fora de Galicia. Penso que é un feito de capital

importancia polo que supón de novo e pola liña (que vexo independente e galeguista) que está a seguir este semanario. Teño que deciros que collo TEIMA cando chega polo correo e non o deixo deica acabar de ler todos os artigos. (...) Coido que chegará o día en que pase en Galiza o que pasou en Barcelona, en toda Catalunya en xeral, o 23 de abril do ano derradeiro, cando viu a luz o primeiro número do xornal «Avui», feito totalmente en catalán. ¿Sabedes o que representa unha tirada de máis de 300.000 xomás e vendelos todos? ¿Sabedes o que é unha gran cantidade de suscritores, máis de 25.000 que potencian un xornal feito por, pra e mais en catalán?

Xosé María Campos
c/ Pozo, 46, baixos
Barcelona-16

«A vosa laboura é moi positiva, e desde eiquí vos mando todos os ánimos e alentamentos para que vos fagan falta, pra a continuación de iste acontecemento cultural galego, soio comparable a «Nos». Hai quen pensa que falar galego é cousa de labregos e «roxos» pagados co «oro de Moscú», mais non hai que preocuparse: son feixistas.

¡Seguidel! Os galegos apoiámosvos.

Anxel Grandal
Granada.

GALEGOS AMIGOS

«En primeiro lugar, quero felicitálos polo éxito que supón, pra vostedes e pra tódolos galegos a saída á rúa dunha revista coas características de TEIMA. Pola miña parte, coido que non estaría de máis a inclusión dunha nova sección adicada ao cuidado do idioma. Eu, humildemente —non son lingüista— coido que o emprego do guión, de «ó» por «ao» e de «pró» «pra» por «Pra o, pra a» dificultan sobremaneira a lectura da revista».

Gabino Silva Fernández
Cabo de Cruz, 16
Boiro-A Coruña.

Ademirado señor:

Hoxe acabei de rematar os catro números de TEIMA. Remoínos moitas veces porque gustóume moitísimo disfrutar dunha publicación toda ela en galego. Lín e relín e aínda estou dixerindo con debezos as moitas cousiñas que encerra TEIMA (con maiúsculas), tan orixinal. Pra min foi unha festa, e xúrolle ca maior parte dos galegos beilan nese rueiro. (...) Soupéronme moi ben estas catro TEIMAS, que teño gardadiñas coma ouro en pano (...) Graciñas a

tódolos homiños ben feitos que interveñen no asallamento da nosa alma, moi especialmente a vostede, quen merece unha aperta moi forte de galego en día de festa.

José Janeiro Mariño
Belén, 13-1º Dereita
A Coruña

ANDALUZ ALDRAXADO

Queridos cebolos teimudos: (...)

Hoxe, cáseque última noite de decembro, podo ler na páxina catro da vosa (deica hoxe coidaba que miña tamén) revista, coma un policía armado tamén e máis policía armado si nacéu en Alcalá de Guadaíra que na Póboa do Caramiñal. (...)

Aproveito iste intre pra deciros que pode meter a miña suscripción a TEIMA no fondo dos vosos condutos traseiros, que é de donde sae.

José Liñero Moreno
(traballador da saúde en Galicia dende hai catro anos, pro un fortunately born en Sevilla en 1943).

Cartas a Dirección

NOTA DE REDACCION:

O texto ó que se refire o noso comunicante, publicado no número tres de TEIMA é o seguinte:

«O segundo susto en Ourense foi o que un «gris» lles deu a uns rapaces que colocaban cartéis da revista polas rúas. Ser andaluz e ver, nunha noite pecha, bandeiras galegas e verbas coma «independencia» era moita mistura como pra non leva-los rapaces a comisaría... Somentes quen lea a noticia co ollo do conducto citado polo noso comunicante poderá ver en ese párrafo a menor ofensa ó pobo andaluz, que —como tódolos pobos— goza do noso meirande respecto.

Cruz e cara dende Madrid

Tiñamos moita ilusión pola revista TEIMA. Coidábase que tratábase d'unha revista defensora da Galiza que nós queremos: ceibe e democrática; non d'unha Galiza marxista totalitaria. Xa tivemos d'abondo c'unha dictadura, ¡non queremos outra anque sexa d'outro color! E verdadeiramente unha pena que algúns galegos desexen pasar do colonialismo castelán ao colonialismo soviético. Despois de ler os dos primeiros números da vosa revista somos moitos os galegos residentes en Madrid que xa non poderemos suscribirmos a TEIMA. Unha verdadeira lástima porque facíanos falla unha auténtica revista nosa. Repito: da nosa Galiza CEIBE, non da do puño pechado.

Francisco Seixas
Abogado (Madrid)

Señores Redactores: A Madrid onde resido habitualmente, chegaronme os primeiros números de TEIMA, que lín con grande gozo e atención, decatándome de que o meu soño (como o de tantos galegos, certamente) é xa unha realidade.

Fago votos pra que a acometida de TEIMA, como elemento informativo do, noso pobo, recolla a actualidade e a adaute á problemática galega, dende as diferentes seicións, cumprindo eisí a misión, coido eu, práque foi creada.

TEIMA representa a esperanza da vitoria po-la loita do pobo galego encol das nosas reivindicacións lingüísticas, culturais e sociais, que como lingoista, eu sinto moi de cerca. Por iso desexo felicitar con grande ledicia a todo o equipo colaborador da revista, por esta fermosa labor informativa, no noso idioma, tan necesitado de coñecemento e eispansión non sóio no ámbito nacional galego, senón tamén en todo o territorio hispánico (moi iforante niste aspecto, aínda mesmo no seutor universitario ó que eu pertenzo).

Reiterando as miñas felicitacións e disculpándome humildemente po-lo meu deficientísimo galego, envólles os meus millores saúdos.

María Carmen Novoa González
Suero de Quiñones, 18-3º D
Madrid-2

Se quiere seguir tendo
 unha **teima** independente,


¡¡ suscríbese!!

NOME _____
 DOMICILIO _____
 POBOACION _____
 PROVINCIA _____ PAIS _____

TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA
 (Semanal)

	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.

XEITO DE PAGO: TALON ADXUNTO N.º _____
 XIRO POSTAL N.º _____
 IMPOSTO EN _____ DATA _____
 CONTRA REEMBOLSO _____



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos

Sr. Director de

Axencia

SEÑORES:

Agradeceríalles que con carácter á miña conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente presentáralles Sociedade Galega de Publicacións, S. A. pró pago da miña suscripción á revista TEIMA.

Atentamente,

NOME _____
 DOMICILIO _____
 POBOACION _____
 PROVINCIA _____ PAIS _____

TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA
 (Semanal)

	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.

XEITO DE PAGO: TALON ADXUNTO N.º _____
 XIRO POSTAL N.º _____
 IMPOSTO EN _____ DATA _____
 CONTRA REEMBOLSO _____



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos

Sr. Director de

Axencia

SEÑORES:

Agradeceríalles que con carácter á miña conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente presentáralles Sociedade Galega de Publicacións, S. A. pró pago da miña suscripción á revista TEIMA.

Atentamente,

Millóns de nenos condenados a morte.

Indúlteos.

Neste intre, a única saída
pra 900 millóns de nenos é morrer.
900 millóns de nenos están condenados
pola fame, as doenzas
e a falla total de cultura.



Na súa man está o indulto.
Unicef sóio conta con diñeiro dos seus socios.
Fágase socio de Unicef.
Nunca terá empregado millor
un pouco de diñeiro.

unicef

Fondo das Nacións Unidas prá Infancia

Apartado 12021
MADRID

Rogo me remitan maior información sobor de Unicef.

Nome

Dirección

Cidade Distrito

Teléfono